

ACTA NUMERO DEZASEIS CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2000.

-----oOo-----

No Salón de Butacas do Teatro Principal, sendo as once horas e dez minutos do día vintecinco de novembro de dous mil reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación do Concello de Pontevedra baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, **D. Raimundo González Carballo**, **D. Xosé Luis Bará Torres**, **D^a María Salomé Álvarez Blanco**, **D. Miguel Anxo Vázquez Plaza**, **D^a María dos Anxos Riveiro Portela**, **D^a María Carmen da Silva Méndez**, **D. Xosé Luis Veiga Lage**, **D. Manuel Xesús Fontán Bouzas**, **D. Juan Luis Pedrosa Fernández**, **D^a María Josefa Manzanares Perela**, **D. Gerardo Zugasti Enrique**, **D. Enrique de la Peña Vieitez**, **D. José Manuel Fernández Rodríguez**, **D. Juan Enrique Magdalena Chan**, **D. Celestino Lores Rosal**, **D^a Sonia Rey Barros**, **D. Roberto Jesús Taboada Rivadulla**, **D^a María Teresa Casal García**, **D. Luciano Eusebio Santiago Esperón**, **D. Guillermo Antonio Meijón Couselo** y **D^a María Dolores Elvira de Ozámiz Lestón**, non asistindo **D. Manuel Abeledo López** e **D. Francisco Arturo Pichel Márquez**, estando presente a Sra. Viceinterventora, **D^a María Herculina Domínguez Martín**, actuando como Secretario **D. Julio Dapena Outomuro**, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión.

ORDE DO DÍA

1.- ACTAS ANTERIOR: APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2000.

Dáse conta do borrador da acta da sesión plenaria extraordinaria do día 12 de setembro de 2000, que se aproba por unanimidade e sen modificación ningunha.

2.- ORGANIZACIÓN CORPORATIVA: COMPOSICIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL CREADA PARA ELABORACIÓN DUN NOVO REGULAMENTO ORGÁNICO DA CORPORACIÓN.

Vistas as comunicacións dos portavoces dos grupos políticos da Corporación municipal facilitando os nomes dos concelleiros que integrarán a Comisión informativa especial para a elaboración dun novo Regulamento Orgánico da Corporación creada por acordo plenario de data 30 de setembro último, o Pleno da Corporación toma coñecemento da composición da devandita Comisión Informativa especial, a cal queda composta da seguinte forma:

Presidente:

O Sr. Alcalde ou Concelleiro en quen delegue.

Vocais:

Don Juan Luis Pedrosa Fernández (PP).

Don Juan Enrique Magdalena Chan (PP).

Don Celestino Lores Rosal (PP).

Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG).

Don Raimundo González Carballo (BNG).

Don Xosé Luis Bará Torres (BNG).

Don Roberto Taboada Rivadulla (PS de G-PSOE).

Dona Dolores de Ozámiz Lestón (PS de G-PSOE).

3.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.

Dáse conta da declaración presentada pola Tenente de Alcalde delegada dos Servicios da Muller, dona Salomé Álvarez Blanco, con motivo do DÍA DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES, do teor literal seguinte:

O día 25 de novembro foi declarado "DÍA DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES". A Corporación do Concello de Pontevedra quere neste día facer un chamamento a toda a sociedade para que tome conciencia deste gravísimo problema, auténtica lacra social que sofren máis do 20% de mulleres do mundo, e que no Estado Español acabou coa vida de máis de 30 mulleres no primeiro semestre deste ano, e provocou máis de 10.000 denuncias que son só unha ínfima parte dos casos reais.

A violencia contra as mulleres é o delito máis xeneralizado pero tamén o máis silenciado, un delito que non ten barreiras de idade, cultura, etnia nin clase social.

Hai que dicir unha vez máis que a "violencia de xénero" non é un asunto privado, nin que afecte só ás mulleres, senón que é un problema social que nos incumbe a todos e todas, á sociedade na súa totalidade.

A Corporación Municipal de Pontevedra manifesta a súa vontade de traballar para propiciar un cambio social que acabe coa violencia en xeral e contra as mulleres en particular, e velar porque o dereito á vida, á integridade física e psíquica e a liberdade sexa unha realidade para todas a persoas, independentemente do xénero.

Por último este Concello solicita a toda a cidadanía que o día 25 de novembro se manifeste en contra da violencia cara ás mulleres, como mostra do rexeitamento social que a mesma nos provoca.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, aproba a declaración presentada nos seus propios termos.

4.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO DA CORPORACIÓN REIVINDICANDO DOTACIONES ECONÓMICAS PARA INVESTIMENTOS NOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA.

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda a inclusión na orde do día para debate e votación do seguinte pronunciamento reivindicando dotacións económicas para investimentos nos orzamentos da Xunta de Galicia:

Nestas datas, o Parlamento Galego está a debater o Orzamento da Comunidade Autónoma para o ano 2001. Do Proxecto de Orzamento presentado polo goberno da Xunta despréndese, unha vez máis, a carencia de dotacións orzamentarias suficientes para resolver vellas demandas do Concello de Pontevedra e necesarias para poñer as bases da articulación territorial, o desenvolvemento económico, a dotación de servizos públicos de calidade e, en suma, a mellora da calidade de vida de Pontevedra e a súa área de influencia.

Actuacións fundamentais para o futuro de Pontevedra carecen de dotacións orzamentarias suficientes para o próximo exercicio; entre estas cabe salientar a mellora da rede viaria autonómica de conexión coas comarcas veciñas, o saneamento integral do Concello, e a dotación de equipamentos imprescindíbeis para a mellora da sanidade e a educación.

Estas actuacións veñen sendo reclamadas dun modo unánime pola maioría dos colectivos económicos e sociais do Concello de Pontevedra e, ademais, son demandas asumidas nos seus programas pola totalidade das forzas políticas.

Correspóndelle ao Concello de Pontevedra, como representación institucional dos intereses da cidadanía, recoller o sentir unánime expresado desde a maioría das entidades e colectivos políticos, económicos, sociais, sindicais e cidadáns, e trasladar ao Parlamento Galego e a Xunta de Galicia a demanda de maiores investimentos por parte da administración autonómica.

Polo anteriormente exposto, o Pleno da Corporación insta ao Parlamento Galego e á Xunta de Galicia a dotación no Orzamento do 2001 de partidas económicas suficientes e necesarias para abordar as seguintes actuacións:

1. Mellora da rede viaria autonómica de conexión de Pontevedra coas comarcas do seu contorno xeográfico.
2. Saneamento integral do Concello de Pontevedra.
3. Dotación de equipamentos necesarios para a mellora dos servizos educativos e sanitarios.

Aberto o debate, toma a palabra o señor Alcalde, dicindo que, unha vez máis, os orzamentos da Xunta deste ano non recollen as partidas suficientes para resolver os problemas que tanto os cidadáns como o Concello de Pontevedra veñen demandando reiteradamente, esta é unha discriminación que ven sendo habitual nos últimos anos, pois non existen compromisos orzamentarios para acomete-lo saneamento integral do concello, un asunto que é de

responsabilidade directa da administración autonómica e que ademais foi reiteradamente prometido pola Xunta de Galicia de xeito propagandístico na medida en que non se concretan investimentos a este respecto nos orzamentos; os compromisos orzamentarios existentes son claramente insuficientes e se non son insuficientes son desviados ou referenciados a exercicios posteriores, como no caso da sanidade, que ademais segue a apostar por investimentos insuficientes nos dous hospitais existentes a pesar da demanda reiterada da construción dun hospital único para a área sanitaria ou, por exemplo, no caso da depuradora que existe unha consignación tamén insuficiente referenciada a catro anos vista e incluso a este prazo non contempla a totalidade do orzamento previsto de 1.000 millóns de pesetas, ou as actuacións na rede viaria de competencia da propia Xunta e máis concretamente nas actuacións referidas ás circunvalacións e conexións de Pontevedra coas comarcas do Salnés e do Morrazo, tamén reflectidas en exercicios posteriores e con consignación claramente insuficiente; polo tanto entende que corresponde a esta Corporación municipal esixir do Goberno galego que inclúa nos orzamentos deste ano 2001 as partidas necesarias para resolve-los problemas que teñen reiteradamente demandado, tanto os cidadáns como o Concello, que ademais se están a negociar ó longo deste último ano e que desgraciadamente non se contemplan nestes orzamentos, polo tanto somete á consideración da Corporación a aprobación da moción cos seus tres puntos concretos.

Seguidamente intervén o portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, don Roberto Taboada Rivadulla, para posicionar a su grupo en esta declaración y decir que manifiestamente va a apoiar este pronunciamento, como no podía ser de otra forma, primero porque si se tiene en cuenta que el número de habitantes de esta ciudad supone el 2,7% de la población de Galicia sin embargo, habría que decir que con embargo, en el anteproyecto de presupuesto de la Xunta para el 2001 lo que está previsto que reciba Pontevedra es el 0,7%, por lo tanto están claramente ante unos presupuestos insuficientes para las necesidades de esta ciudad y parece como si tuvieran las migajas de la autonomía, por lo tanto cree que no se cubren las necesidades de esta ciudad, especialmente en temas de saneamiento y en problemas de equipamientos, tampoco figura la conexión con la A-52, que son cuestiones históricamente muy demandadas y por lo tanto basta decir una cifra, pues si la media de este presupuesto es que para cada gallego hay cerca de 90.000 pesetas, en el caso de Pontevedra la cifra se reduce a 22.500, con lo cual son datos esclarecedores de que ponen en evidencia ese déficit de compromiso que hay con esta ciudad en estos presupuestos, por lo tanto ese es su pronunciamento y espera que sea el de toda esta Corporación.

ción.

A continuación intervén don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, el cual manifiesta que una vez más traen a esta sesión un panfleto con tintes electoralistas, similar al del Pleno del mes pasado, en el que ataque iba contra el Gobierno central y el ataque de hoy va dirigido a la Xunta de Galicia, por lo que se imagina que el mes que viene, en el Pleno de diciembre, traerán uno que vaya contra la Diputación; el Partido Popular no va a perder el tiempo en reproducir el debate y la argumentación del Pleno pasado, simplemente pide que se recoja del acta y que se incorpore al acta de este Pleno y donde dice Gobierno central se cambie por Xunta de Galicia, que es una cosa bien sencilla, pero quiere hacerle por lo menos un par de preguntas al señor Alcalde, la primera como la hacía en el Pleno anterior, ¿qué ha hecho como Alcalde para lograr transmitirle y convencer a los distintos Conselleiros o incluso al propio Presidente de la Xunta de las necesidades del Ayuntamiento de Pontevedra?, la segunda pregunta es ¿qué pasa con ese convenio mil millonario, que tantas veces les pasó por las narices desde el mes de junio, que iba a firmar con el señor Cuiña?, y quiere decirle aquí también una vez más que conseguir inversiones de otras administraciones no es tarea fácil, requiere tener los deberes hechos a tiempo y requiere que el Alcalde le dedique muchas horas de su tiempo, porque ya se lo dijo el otro día, nadie regala nada, no es tampoco esta la forma de obtener inversiones por mucho que se empeñe, por lo menos así lo cree el Partido Popular, y, es más, le diría que actuaciones como la que hoy se trae a este Pleno o como la que se trajo al Pleno pasado son contraproducentes para obtener inversiones para Pontevedra; el Partido Popular va a votar en contra, como lo hizo la otra vez, porque entiende que no es misión del Partido Popular enmascarar la incapacidad y la ineficacia del Alcalde a la hora de lograr atraer inversiones hacia Pontevedra.

Toma a palabra o señor Alcalde dicindo que lle parece que un pronunciamento que está consensuado ademais polo Partido Socialista á parte do equipo de goberno e que é exquisitamente respetuoso nas formas, non se pode tildar de ningunha maneira de panfleto, e dicirlle ó señor Pedrosa que válelle todo, pois no Pleno anterior dicía que non se fixeran os deberes ó respecto do Gobierno central e que o Alcalde non sabía falar castelán e polo tanto non existían investimentos da Xunta, e ten que dicir que aquí quen non fala galego en todo caso é o Gobierno do estado e concretamente o señor Mariano Rajoy, ademais é verdade de dúas maneiras, unha porque non fala galego no sentido de que non ten en conta a circunscrición pola que foi elixido para defende-los intereses desta cidade e ademais porque realmente non o fala; no

caso dos orzamentos da Xunta de Galicia, o señor Pedrosa no Pleno pasado dicía que si se fixeran os deberes, porque non era o caso do Goberno central, entón utiliza o mesmo argumento co cal entra nunha contradicción absolutamente flagrante, e cre que no tema dos orzamentos do Estado, os responsables políticos e o Goberno coñecen as demandas desta cidade feitas reiteradamente tanto por esta Corporación como polo Alcalde persoalmente e no caso da Xunta de Galicia exactamente igual, coñece perfectamente cales son as demandas e lle consta que incluso teñen estudos e memorias valoradas propias para os investimentos cos que están intentando negociar ou que se concreten nos orzamentos dunha vez por todas, o problema é que desgraciadamente, como ven sendo habitual nos últimos anos, se segue discriminando a esta cidade, polo tanto esas conversas existen, este Concello e este Alcalde estivo negociando e seguirá negociando en interese dos cidadáns de Pontevedra e das súas demandas, o seguirá facendo á espera de que efectivamente eses compromisos se concreten, aínda que desgraciadamente neste orzamento non se concreten, polo que lle solicita ó representante do Partido Popular, que coñece tódalas demandas e coñece esas conversacións perfectamente, que apoie esta moción porque cre que é positivo que toda a Corporación en Pleno o faga chegar de forma oficial ó goberno galego, que é do que se trata hoxe, pero non en representación de toda a Corporación, o Alcalde e os distintos Concelleiros o están a facer e van seguir facéndoo como é a súa obriga.

Novamente intervén o señor Taboada Rivadulla, dicindo que solamente quiere incidir en lo que ha dicho, pues cree que todo se resume en una exitosa frase publicitaria que hubo hace tiempo, "busque, compare y si encuentra algo peor dígallo", porque no lo hay es esta comunidad en cuanto a los presupuestos.

Vuelve a intervi-lo señor Pedrosa Fernández, dicindo que o señor Alcalde habla de discriminación de la Xunta de Galicia en los últimos años, pero ojalá que, por el bien de Pontevedra, logre en sus cuatro años de mandato las inversiones que hubo en los cuatro años anteriores.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 10 presentes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 presentes do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e co voto en contra de oito Concelleiros (os 8 presentes do grupo municipal do Partido Popular) acorda aproba-lo anterior pronunciamento.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PS DE G-PSOE RELATIVA Á PROMOCIÓN E EXECUCIÓN DUN PLAN MUNICIPAL DE EDUCACIÓN E ATENCIÓN Á SEXUALIDADE XUVENIL.

Dáse conta de moción presentada polo grupo municipal do PS de G-PSOE relativa á promoción e execución dun plan municipal de

Educación e Atención á sexualidade xuvenil, do teor literal seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

La adolescencia y la juventud son períodos de grandes cambios que tendrán una gran transcendencia para el futuro. Se trata de una etapa con falta de habilidades para vivir una sexualidad de forma autónoma, gratificante y sin riesgos. Las vivencias están marcadas por las dudas sobre lo que se puede o no hacer y por la escasa percepción de los riesgos, lo que en múltiples ocasiones conlleva una conducta marcada por el miedo y las contradicciones.

Las familias, en la práctica, asumen con ansiedad las vivencias de la sexualidad de sus hijos e hijas adolescentes y los sistemas educativo, sanitario y de servicios sociales, no dan la cobertura necesaria para facilitar a la población juvenil y adolescente el desarrollo de una sexualidad saludable y satisfactoria.

La L.O.G.S.E., considera que la educación sexual debe de ser una formación transversal en todas las materias desde la educación primaria, pero a pesar de la letra de la ley, la realidad nos muestra que existe una gran falta de formación e información en la materia. El dato de que el 40% de las relaciones sexuales entre adolescentes de entre 16 y 17 años se realizan sin la utilización de ningún método anticonceptivo, es una clara manifestación de esta realidad.

Los medios de comunicación social, en general, comercializan el sexo dando una imagen distorsionada del mismo y, solo en escasas ocasiones se promueven programas informativos y divulgativos, a pesar de la utilidad demostrada en la sensibilización de la población.

Los datos antes apuntados provocan dos de los grandes problemas con que se pueden encontrar los jóvenes, los embarazos no deseados y las enfermedades de transmisión sexual.

Más de 18.000 adolescentes españolas se quedan embarazadas cada año, en la inmensa mayoría de los casos sin desearlo. El 39% de estos embarazos de mujeres de entre 15 y 19 años terminan en abortos voluntarios y en cualquier caso, presentan graves consecuencias médicas y sociales en la pareja (matrimonios forzados, interrupción de la vida escolar, problemas familiares, económicos, emocionales, etc.).

Las enfermedades de transmisión sexual son otro importante factor de riesgo. La falta de utilización de métodos de prevención eficaces, que en muchos casos se viven como una barrera en sus relaciones afectivas, puede desarrollar un clima oportuno para el contagio de las mismas, en concreto del SIDA, que es la primera causa de muerte entre los jóvenes españoles, por encima

de los accidentes de tráfico. Debido a la relajación en la labor de prevención que tienen que llevar a cabo las instituciones al respecto de las enfermedades de transmisión sexual, están teniendo un repunte, especialmente en aquellos colectivos de riesgo en que habían decrecido gracias a las campañas de concienciación.

Con todo lo expuesto podemos afirmar que nuestra sociedad no está abordando adecuadamente las vivencias de la sexualidad de los jóvenes, siendo necesario avanzar mucho en la formación e información sexual que reciben para que, en definitiva, se puedan realizar como personas, pudiendo desarrollar libremente su sexualidad/afectividad con pleno conocimiento de sus acciones por contar con los conocimientos e información necesarios para ello.

Así se hace necesario promover de manera inmediata también desde nuestro Ayuntamiento, estrategias que mejoren su nivel de información sobre sexualidad y ofrezcan los medios educativos y asistenciales para que puedan vivirla sin riesgos, fomentando actitudes positivas ante estas vivencias entre jóvenes familias y profesionales.

Por todo lo expuesto, el Grupo Municipal del PS de G-PSOE, en el Ayuntamiento de Pontevedra

PROPONE:

Que se prumueva y ejecute un Plan municipal de Educación y Atención a la Sexualidad Juvenil, que recoja entre otras las siguientes actuaciones:

1º.- Recopilar y estudiar los informes elaborados sobre la población juvenil, con el fin de conocer sus actitudes, opiniones y prácticas sexuales.

2º.- Potenciar la formación de las familias, jóvenes y profesionales que trabajan con jóvenes, sobre el abordaje adecuado de la sexualidad y la prevención de riesgos asociados.

3º.- Desarrollar programas de educación afectivo sexual en el ámbito escolar y fuera de él, sobre todo en los centros de educación primaria.

4º.- Desarrollar en los Servicios Sociales, y en colaboración con la Concejalía de Juventud, programas de atención y asesoramiento a los jóvenes para el desarrollo de conductas sexuales sanas.

5º.- Configurar estructuras y mecanismos de coordinación entre las distintas organizaciones gubernamentales y no gubernamentales, así como entre las diversas administraciones que actúen en este ámbito.

6º.- Potenciar desde la Concejalía de la Juventud, y en colaboración con los Servicios Sociales, diversas redes de información juvenil, que permita a este colectivo conocer las distintas posibilidades existentes en cuanto a la atención asesoramiento y educación afectivo sexual.

7°.- Aumentar la información sobre sexualidad y desarrollar campañas de sensibilización dirigidas a la población adulta, juvenil e infantil elaborando y editando materiales y publicaciones a tal fin.

8°.- Promover la creación de fondos de documentación joven que dispongan de materiales educativos y divulgativos, dirigidos tanto a los jóvenes como a los profesionales.

Aberto o debate, concédese a palabra a dona María Dolores de Ozámiz Lestón, en representación del grupo municipal del Partido de los Socialistas de Galicia-PSOE, a cal manifesta que decidieron proponer este Plan porque estaban en contacto con asociaciones juveniles que les comentaban los problemas que tenían a este respecto, los servicios que se les están prestando desde otras administraciones no cumplen con lo que ellos esperaban y necesitan, por otra parte eso se demuestra con la práctica, pues en este momento esta situación de falta de información y formación lleva a que haya graves problemas de embarazos, pues por ejemplo 18.000 adolescentes españolas se están quedando embarazadas por supuesto sin querer y el 39% de esos embarazos terminan en abortos, aparte de eso aumentan las enfermedades de transmisión sexual, en general se producen problemas no sólo a los jóvenes sino en las relaciones con sus familias, por lo tanto proponen que se elabore este plan que tendrían que hacerlo los servicios correspondientes del Concello, que se dictaminara por una Comisión y que se tuvieran en cuenta unas actuaciones determinadas, como podrían ser recopilar y estudiar los informes que ya existen sobre esta población juvenil y de adolescentes para poder después darles mayor información, ver que carencias y que problemas tienen, intentar cubrirlos, algunas cosas podrían hacerse directamente desde este Concello, otras habría que pedir la colaboración de las otras administraciones, pero en cualquier caso habría que elaborarlo y a ser posible ponerlo en ejecución cuanto antes.

Intervén a continuación don Xosé Luis Bará Torres, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que o seu grupo comparte a preocupación por este problema que afecta á sociedade en xeral y moi directamente á poboación xuvenil, son tamén conscientes da necesidade de abordar solucións integrais que impliquen ás distintas administracións e ás organizacións sociais, pero sobre todo a aquelas administracións que teñen máis competencias nesta materia; despois do debate na Comisión informativa houbo algúns cambios na parte resolutiva da moción que lles pareceron positivos, polo tanto parécelle prudente que se elabore primeiro este plan que debe ir integrado no conxunto de actuacións do Concello en materia formativa, educativa, de promoción de hábitos de vida saudables, son conscientes tamén da complexidade deste tema, das limitacións do concello e,

como dixo antes, de que hai competencias que son exclusivas ou principais doutras administracións coas que haberá que coordinarse e ás que teñen que pedir-lles unha maior atención a este sector tan importante da sociedade; este tema levarase á Comisión Informativa de Política Social e coa participación de tódolos grupos procuran elaborar ese plan que responda realmente ás demandas e ás necesidades da poboación xuvenil.

Terminado o debate o Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa municipal de Política Social e Promoción do Benestar, acorda aproba-la anterior moción.

6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA A CREACIÓN DA FIGURA INSTITUCIONAL DO VALEDOR DO CIDADÁN.

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda a inclusión na orde do día para debate e votación da seguinte moción presentada polo grupo municipal do partido popular relativa a creación da figura institucional do Valedor do Cidadán:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O grupo municipal do PP elaborou no seu período de Goberno e Regulamento de Participación Cidadá con colaboración dos distintos movementos sociais mais representativos do Concello. Posteriormente o devandito regulamento foi aprobado polo Pleno da Corporación co apoio unánime de tódolos grupos políticos.

Pero xa denantes o Partido Popular nomeara un Concelleiro de Participación Cidadá para atender as demandas dos veciños e veciñas do noso Concello.

No Regulamento recóllese tamén a creación da Comisión Informativa de Organización e Participación, ata o de agora sen constituír.

Na sesión plenaria de 30 de outubro de 1999 apróbase, por maioría, cos votos do PP e do PSOE, unha moción do grupo municipal do PS de G-PSOE para a modificación do Regulamento motivada polas lagoas de representatividade que a posta en funcionamento dos Consellos Territoriais estaba a ocasionar. Ata o de agora non se ten modificado o Regulamento.

De novo un mes despois o PSOE volve a presentar unha moción, neste caso de urxencia, pedindo que se incoen expedientes de revisión polo Concello dos actos de constitución de tódolos Consellos Territoriais que tiveron lugar ata esa data. Esta nova moción foi aprobada por unanimidade. Ata o de agora non se teñen paralizado os Consellos Territoriais nin sequera revisados.

É polo tanto para o PP, como queda explicitado, a participación cidadá unha preocupación constante xa que entendemos que o movemento cidadá, como parte importante da democracia participativa, debe estar presente na institución municipal aportando as

súas iniciativas e propostas.

Agora o PP levado por esta preocupación e co obxecto de mellorar as relacións entre o movemento veciñal e o Concello entende que é necesario un órgano que, apoiado no Regulamento de Participación Cidadá, faga de canle entre a institución municipal e os veciños e veciñas do Concello.

Xa que logo o grupo municipal do Partido Popular eleva ó Pleno da Corporación para a súa aprobación o seguinte, ACORDO:

1º.- Que se cre a figura institucional do Valedor do Cidadán e que se constitúa unha comisión para elaborar o Estatuto que regule as súas funcións.

2º.- Que de inmediato se de cumprimento ós acordos plenarios denantes relacionados.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Celestino Lores Rosal, en representación do grupo municipal do Partido Popular, o cal manifesta que o Partido Popular ven amosando nestes últimos anos unha preocupación constante pola participación dos cidadáns na vida política municipal, xa que entende que a participación política é un dereito e unha obriga dos cidadáns, nese senso o Partido Popular nomeou no último ano de goberno no concello un Concelleiro coa denominación específica de participación cidadá, asemade propiciou o Regulamento de participación cidadá co consenso de tódolos movementos cidadáns máis representativos do Concello e este regulamento aprobouse por unanimidade desta cámara; hoxe o Partido Popular afondando nesta labor presenta esta moción na que claramente se diferencian dous apartados, o primeiro é a proposta de creación da figura institucional do Valedor do Cidadán, porque a democracia participativa emanada da base da sociedade a través da iniciativa popular e das organizacións e entidades cidadáns debe se-lo complemento e elemento enriquecedor da democracia representativa, pero ese dereito á participación efectiva dos movementos cidadáns na vida política non pode depender nin da vontade individual de quen depende nun determinado momento o poder político nin da oportunidade derivada de circunstancias políticas ou sociais coxunturais, xa que logo a figura do Valedor do Cidadán servirá como canle entre os e as cidadáns, entre os movementos cidadáns e entre os consellos territoriais e o Concello, propón por tanto que se constitúa unha comisión para a elaboración dun estatuto no que se regulen as funcións desta figura institucional, que entende que deberá ter un recoñecido prestixio e un carácter apartidario; o segundo apartado desta moción é un reproche ó equipo de goberno, dito con toda a firmeza e claridade pero sen crispación nin acritude, porque hai agora un ano, para ser exactos no Pleno ordinario do mes de outubro de 1999, aprobábase unha moción do Partido Socialista, cos votos do Partido Popular, na que se pedía a modificación do Regulamento de

Participación cidadá, e o señor Mosquera dicía naquel Pleno que tivo que chegar este equipo de goberno para que se fixera algo serio, concreto e palpable neste campo, pero o Partido Popular lamenta que non se teña feito algo serio senón que a constitución dos consellos territoriais sexa, dito con tódolos respectos, unha trapallada, e di isto porque o que é verdadeiramente serio é dar cumprimento ós acordos plenarios e o primeiro acordo plenario que non cumpren foi o da aprobación no mes de xaneiro do 1999 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por unanimidade, é dicir tamén cos votos do BNG, xa que poñen o Regulamento de Participación cidadá en funcionamento vulnerando a súa regulamentación e cando nesta cámara lles din que o están a facer mal respostan que o van seguir facendo así porque é unha competencia do señor Alcalde, non sendo de recibo dicir que se agarde ata que se faga a modificación, entón ¿para que reclamaban o Regulamento de Participación Cidadá? ¿ou é que antes non era competencia do Alcalde e agora si?, máis adiante no mes de outubro dese mesmo ano chega o segundo acordo plenario que foi a modificación do regulamento e a paralización dos consellos territoriais, no que fixeron caso omiso tanto a unha cousa como a outra, o terceiro acordo plenario que non cumpren trata da inmediata incoación dos expedientes de revisión de constitución dos consellos territoriais e a solicitude ó Consello consultivo de Galicia dun dictame previo á resolución que proceda, este acordo apróbase por unanimidade e tampouco fixeron nada, por tanto dende o Partido Popular cren que xa é tempo de dicirlles con toda a firmeza, como lle dicía ó principio, que cumbran co que se acorda nesta cámara, que é quen realmente manda, xa que a burla e o desprezo e a minoración do Pleno do Concello pon de manifesto a prepotencia e o dogmatismo, ambos igualmente rexeitables, por tanto presentan para a súa aprobación a anterior moción.

A continuación interven don Roberto Taboada Rivadulla, portavoz do grupo municipal do Partido del Socialistas de Galicia-PSOE, diciendo que después de la presentación de esta moción del Partido Popular y lo que viene hoy en la prensa referente también a esta moción en otros ámbitos institucionales, no sabe si están ante un nuevo sistema de mocion-dardo o de lanzar mociones como armas arrojadizas, porque está claro que en el fondo hay mucha fe en crear la figura del Valedor del Ciudadano, pero lo que es evidente es que tanto el grupo del B.N.G. como el grupo proponente de la moción hay una coincidencia en que se institucionalice la figura del Valedor del Ciudadano, bien es verdad que uno en la Diputación y otro en el Ayuntamiento de Pontevedra, y el grupo socialista no puede por menos que estar encantado cuando tiene un compromiso electoral hecho público para que se institucionalice la figura del Valedor del Ciudadano, lo han propuesto en su día

aunque no figura expresamente en su programa electoral, pero si es un compromiso en plena campaña electoral como todo el mundo sabe, por lo tanto no puede por menos que estar de acuerdo con esta iniciativa que presenta el Partido Popular en cuanto a que se cree esa figura institucional y en todo caso le harían la sugerencia al grupo proponente de que en lugar de plantear esto del valedor en una Comisión específica constituida para elaborar un estatuto que regule estas funciones, como se ha constituido una Comisión especial para el Reglamento Orgánico de la Corporación, le parecería acertado y adecuado que en esa Comisión que ya está constituida se pudiese incluir lo que pueda ser el estudio de la labor que va a desarrollar en el futuro en este Ayuntamiento esta figura institucional, por lo tanto, concretando la propuesta de acuerdo que viene en la moción, están de acuerdo con la creación de la figura institucional de Valedor del Ciudadano y en todo caso ver si se pudiese aceptar que en la Comisión del Reglamento Orgánico de la Corporación se desarrollase todo el proceso; solamente hacer una pequeña alusión a una parte de esa moción, que ha citado en su exposición de motivos el señor Lores, en cuanto a la modificación del Reglamento de Participación ciudadana, pues le toca una fibra muy sensible al grupo socialista, que es esa necesidad de modificar el Reglamento de Participación ciudadana, sin duda una iniciativa que presentaron y un acuerdo plenario que todavía está sin desarrollar y desde luego el señor Lores tendrá que entender en términos políticos que el grupo socialista no tiene especial interés en coincidir con el Partido Popular en muchas cosas, pero en este caso tiene que reconocer que coinciden claramente en que no hay voluntad política en llevar a cabo esa modificación del Reglamento de Participación ciudadana y lamenta tener que coincidir, pero a veces los renglones torcidos de la política llevan a estas extrañas coincidencias y efectivamente coinciden en que no están satisfechos con que no se hubiera realizado hasta la fecha esa modificación del Reglamento de Participación ciudadana, que cree que también es necesaria.

En representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, intervén don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, dicindo que agarda que neste Pleno e dunha vez por todas queden aclaradas certas sombras que se queren sementar, certas dúbidas que non existen na realidade e que nunca existiron; polo que respecta ó apartado segundo da moción, que se cumpran os acordos plenarios, efectivamente hai un de 30 de outubro de 1999 no que se acorda modifica-lo Regulamento de Participación cidadá, houbo dúas Comisións informativas nas que se tratou o asunto e na do 24 de novembro do 99 quedouse en fixar un prazo para que os grupos políticos presentaran as propostas de modificación que quixeran, fixándose como prazo o 3 de decembro, hai case un ano, e nese prazo

non houbo ningunha proposta de modificación, segundo certificación da Secretaría do 10 de decembro do 99, entón no Pleno os grupos políticos manifestaron un sumo interese en modifica-lo Regulamento via votación e o grupo de goberno aceptou e tratou de impulsar esa modificación tratándoo en dúas Comisións, pero ese interese parece que desapareceu pois non houbo esas propostas, polo tanto unha modificación xenérica sen propostas quedou arquivada automaticamente polo propio Secretario da Comisión, pero o acordo está tomado e se hai interese en volver a abril mañá mesmo se volve a convoca-la Comisión, a recoller propostas e a tramitalo, queda aquí o seu compromiso de retomalo sen ningún problema; con respecto ó expediente de revisión, que foi aprobado por unanimidade, iso evidentemente é un tema xurídico e nunca este grupo de goberno dixo ós servicios xurídicos deste concello que paralizaran esa revisión, por tanto supón que se non se revisou é porque non hai eses motivos de fondos e non estimarían, entón que quede moi claro que este grupo de goberno ten a intención, non só de palabra senón na práctica, de impulsar decididamente a participación cidadá e xa o fixo, pois nunca se constituíron neste concello tantos consellos de participación sectorial nin tantos consellos territoriais e se algúns están sen constituír, como por exemplo o dalgunha parroquia ou ben algún sectorial como pode ser o de urbanismo e medio ambiente, foi porque a maioría da Corporación ou asociacións curiosamente vinculadas con militancia política expresa e pública, neste caso ó Partido Popular, non quixeron que se constituírán, nunca pola vontade do grupo de goberno que fixo un esforzo tremendo en constituír tódolos consellos que están aí, polo tanto cre que non vale a pena dar máis voltas, pois con iso contesta ó apartado segundo; pero continuando coa moción, había algunhas cuestións de forma, pois cre que a estas alturas a ninguén lle quedan dúbidas de que forza política ten unha acción clara e uns compromisos dende o principio claros coa participación cidadá e coa coherencia e, se se fan comparacións, en catro anos aprobouse un papel que era o Regulamento e non se fixo nada, e en ano e medio constituíronse 25 consellos de participación en que os representantes dos veciños están participando en forma sectorial ou territorial, cre que a diferenza é absolutamente substancial, incluso con tódalas dificultades que se estiveron poñendo cara á súa efectivización; con respecto á figura do Valedor do Cidadán, o que quere deixar moi claro é que existe a figura do Defensor del Pueblo e a figura do Valedor do Pobo, ou sexa existe a nivel de administración central e a nivel de administración autonómica, ata agora non existe a nivel de administración local, polo tanto é un campo novo que hai que explorar e que se é viable o equipo de goberno está absolutamente decidido a creala, pero dunha maneira seria e rigorosa,

porque as cousas feitas dunha maneira precipitada ou con interese máis de enredo político que doutra cousa ó final resultan mal, entón o que quere é que isto sexa unha postura clara; considera que á administración local pertencen a Deputación e os Concellos e non tería moito sentido por exemplo que os Concellos grandes tiveran a figura do Valedor do cidadán e os Concellos pequenos non puideran tela, pois o custo real dunha oficina do Valedor do Cidadán pode estar entre 50 e 100 millóns de pesetas, contando locais, infraestrutura, persoal, etc., por tanto é evidente que moitos concellos dos que hai arredor é imposible que o teñan, entón será razoable que isto se enfoque dunha maneira global, que o estudien e vaia para adiante se realmente cren que pode ser efectivo, pois incluso o Concello de Pontevedra é dubidoso que poida destinar eses fondos se quere que funcione ben, por iso onte quixo saber na Deputación se había vontade de acometer esta figura en serio por parte dunha forza política que ten moitas institucións nas súas mans e que de maneira coordinada podía facer para que funcionara, que é o que pretenden, non aprobar algo para que quede aí senón todo o contrario, pero hai contradicións, pois o PP agora esixe neste Concello que estean tódalas competencias no Pleno pero hai dous anos podían non estar, ou as bases de execución nunca as modificou e agora esixe que se modifiquen en contra das que tiñan, aquí tódalas competencias ó Pleno e na Deputación practicamente non ten ningunha, pero están afeitos a este tipo de contradicións, de tódalas maneiras vai votar a favor da moción e o que agarda é que na tramitación se lle poida dar a articulación e coordinación coas demais administracións e facer un enfoque xeral que realmente o faga funcional e non crear a figura do Valedor do Cidadán e ó final non sexa funcional por falta de coordinación con outras administracións ou por falta de medios, esa é a súa preocupación, entón vai votar a favor pero vai seguir traballando para que se impliquen outras administracións e se coordine para que realmente sexa eficaz.

De novo intervén o señor Lores Rosal dicindo que, volvendo ás dúas partes da moción, na primeira fala o señor Mosquera de que a Comisión fixou o prazo ata o 3 de decembro e o Partido Popular dixo que as argumentacións a ese regulamento íanse facer in voce, pero non convocaron unha reunión para aclarar este tema, deixárono aí e dixeron que presenten as argumentacións, pero quen goberna e o BNG e son os que teñen que levar adiante os acordos plenarios, pois cando estaban na oposición ben que llo recordaban dicindo gobernen señores do PP, pois agora señores do Bloque gobernen vostedes e para iso están, para convocalas Comisións e o PP presentar, como xa dixera na anterior, in voce as súas aclaracións; en canto ó que di da Deputación e dos distintos municipios, tenlle que dicir que en Vigo xa se aprobou e que en

Sanxenxo van presenta-la mesma proposta, entón isto é unha cuestión dos Concellos, a relación entre os consellos territoriais, os movementos cidadáns e o concello é do Concello, non da Deputación, e non fagan trapalladas, non lle dean reviravoltas e collan a moción e a leven á Deputación, fagan as cousas como teñen que ser, fálese aquí porque isto é para o Concello de Pontevedra, a moción presentouse neste Concello e aquí é onde se discute e aquí a figura do Valedor é para que os cidadáns e os consellos territoriais, pois xa empeza a haber algún problema cos consellos territoriais que fixeron, a pesar de que o señor Mosquera di que era papel mollado o que se había aprobado, pero gracias a ese papel mollado constituíron uns consellos territoriais á súa medida e ademais utilizan algúns artigos dese regulamento para o que lle convén, pon por caso o rexistro de asociacións, que recollen ese articulado para que se faga e o mandaron a tódalas asociacións inscritas no Concello, polo tanto non é papel mollado, pero o que xa pediu daquela e vólveo pedir agora é que se faga ben e que non se constitúa un consello territorial en Campañó dunha maneira, en Alba doutra, pois non hai un regulamento, hai que ser serios e face-las cousas como teñen que ser; ó señor Taboada, dicirlle que o Partido Popular tampouco ten interese ningún en coincidir co grupo socialista, o que quere é que se acorden nos Plenos as cousas serias, veñan do Partido Popular, do B.N.G. ou do PSOE, o que é bo para o Concello é bo para este partido e para este Concelleiro, tamén di o señor Taboada que tiña o compromiso de crear esta figura, pero onde hai que dicilo é no programa electoral e non ven no seu programa, aí é onde debía figurar, pois os programas son o que vale, o demais o leva o vento.

Volve a intervi-lo señor Taboada Rivadulla, diciendo que no le va a contestar al señor Lores, porque cree que es evidente, pero si al señor Mosquera, porque "no digas lo que no debes y no oirás lo que no quieres" pues a veces los silencios son más elocuentes y cuando el señor Mosquera habla de Comisiones y de plazos y se ampara en la burocracia para justificar voluntades políticas no es de recibo, sobre todo en partidos políticos de izquierda, aunque sea una izquierda nacionalista, pero la cuestión es si hay voluntad política o no de modificar el Reglamento de Participación Ciudadana, por lo tanto no se ampare en procedimientos puramente burocráticos de fechas, pues cuando tiene voluntad política de llevar a cabo una cosa le da igual que los demás se retrasen, lo impulsa, lo propone y lo saca; en primer lugar el sistema no debe ser que presenten papeles previos y después convocar la Comisión, debe convocarse la Comisión y que se vean las propuestas de todos los grupos en su conjunto y ahí se debate, por lo tanto cree que el problema es de no voluntad política y no quisiera entrar en el tema, porque se está tratando una

moción sobre la creación de la figura del Valedor del Ciudadano pero se están metiendo en un terreno bastante complicado, porque se mete en el tema de los Consellos Territoriales y hay cosas que no puede dejar pasar, pues hay un acuerdo de este Pleno en donde se ha dicho claramente que no se constituyan los Consejos Territoriales en cuanto no se modifique el Reglamento de Participación ciudadana y el señor Mosquera dice que los ha constituido todos y se ampara en la necesidad, en la voluntad de los vecinos y en la democratización, cuestión esta que no justifica en absoluto, pues una cosa es que el grupo de gobierno haga la constitución de unos Consellos territoriales que no se ajustan a lo que la voluntad mayoritaria de este Pleno quiere y otra cosa es que el grupo socialista está a favor sin duda de la participación de los ciudadanos y de los Consellos Territoriais, por tanto no mezcle una cosa con la otra, pero quisiera saber si de todos esos Consellos Territoriales que ha constituido este gobierno existe una certificación de la Administración municipal conforme se legaliza esa constitución, pues ninguno de los que han constituido por las parroquias y por el rural son consellos territoriais que estén avalados legalmente por la Administración municipal y puede contestarle que el equipo de gobierno tiene la capacidad de reunirse con todos los vecinos por el rural, pero también el grupo socialista y el Partido Popular pueden ir a las parroquias y hacer su consello territorial, igual que lo hace el grupo de gobierno, pero eso no son los consellos territoriales de esta Corporación, no hay ninguna certificación de la Administración municipal que acredite su validez legal, son consellos territoriales que hace el equipo de gobierno porque se reúne con los vecinos libremente, pero no son los que el Reglamento de Participación ciudadana cree que se iban a hacer y le vuelve a recordar que en los Consellos territoriales tendrían que estar también representados los demás grupos y no lo están y el grupo del B.N.G. decía hace dos años que tenían que estar representados los grupos de los otros partidos políticos en los Consellos territoriales y no quería haber entrado en este tema pero el señor Mosquera dice cosas que no debe y por lo tanto debe oír algunas cosas que probablemente no quiera, porque las palabras mueven pero los ejemplos arrastran y el ejemplo que dan es que el B.N.G. ha constituido unos Consellos territoriales que no son los que figuran en el Reglamento de Participación Ciudadana que se aprobó en su momento, por tanto habrá que arreglar de una vez este Reglamento.

Novamente intervén o señor Mosquera Lorenzo, diciendo que esta discusión empieza a aburrir un pouco, porque é sempre a mesma e tódolos Consellos territoriais que se constituíron foron acordados por unanimidade polas asociacións de veciños de cada parroquia, por tanto non son os consellos do BNG nin do Alcalde, a

fórmula administrativa legal que se adoptou foi porque pola vía do regulamento non se constituiría ningún en dous ou tres anos, polo tanto se se fixo así foi con exquisito respecto a tódalas asociacións, de feito onde non houbo unanimidade non se constituíron e foi por unanimidade das asociacións de cada parroquia que acordaron constituílo así e a fórmula foi por delegación da Alcaldía e está aclarado, polo tanto non hai más voltas que darlle, xa dixo antes que están dispostos a convocala Comisión cando queiran para estudiala modificación e seguir con isto cre que é volver a encasquillar en algo que está xa discutido cincuenta veces neste Pleno, á parte cunhas asperezas que non corresponden para nada á realidade, pois a realidade é que a maioría foron constituídos sen ningún problema por unanimidade; con respecto ó Valedor do Cidadán, efectivamente esta é unha moción que haberá na provincia de Pontevedra 62 ou 63 Valedores do Cidadán, pero nos Concellos pequenos hai xuíz de paz, entón, tal como dicíao onte claramente o portavoz do PSOE na Deputación, o normal é que mostrada a vontade política de acometer unha figura deste tipo, isto se falara na FEGAMP ou nun foro no que se poida definir claramente por onde se vai a tirar, porque se non igual empeza a tirar cada un polo seu lado e ó final daranse conta de que nin economicamente nin administrativamente nin funcionalmente vale para nada todo o que se fixo, entón fágase cun pouco de seriedade, que era o que pretendía cando o facía onte na Deputación, que seguiremos facéndoo porque cre que é a única vía, é por darlle viabilidade efectiva, estudialo seriamente e que haxa medios para poder levalo adiante, porque é absolutamente bárbara a actitude, e sinte ter que dicilo, de propoñer que aproben, pero unha vez aprobado para executalo hai estas dificultades, e non se lle pode dicir ó cidadán de Pontevedra que en vez de dedicar 100 millóns ó ano a arranxarlle os seus problemas o dedican a crear unha oficina, polo tanto deben dar tamén a solución, pois se as que propón o grupo de goberno para efectivizalo lles parecen mal, dean outras.

Terminado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aproba-la anterior moción.

7.- ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA: MODIFICACIÓN DO ARTIGO 39 REFERIDO Á SUPERFICIE MÍNIMA DE LOCAIS.

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa municipal de Medio Ambiente á modificación do artigo 39 da Ordenanza municipal de protección do medio ambiente, referido á superficie mínima de locais.

Aberto o debate intervéñ o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, simplemente para dicir que su grupo va a votar a favor.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación ós proxecto de acordo nos termos seguintes:

O Pleno da Corporación en sesión de 29.04.00, acordou prestar aprobación definitiva ó texto íntegro da Ordenanza Municipal de Protección do Medio Ambiente Contra a Contaminación Acústica, o texto da cal foi publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 110 de 9.06.00.

Dende a súa entrada en vigor, os operadores xurídicos do Concello con competencias en cuestións medio ambientais, veñen interpretando, a raíz das consultas verbais formuladas, consonte ó espírito e finalidade da norma (artigo 3 do Código Civil que a superficie mínima para outorgar licenza os espectáculos públicos da categoría de café-bar especial, café-concerto, café-cantante, karaoke, boleira, recintos nos que se emita música ó vivo, discoteca, sala de baile, salas de festas, tablaos flamencos ou semellantes, enténdese superficie mínima por planta, xa que senón se podería vulnera-la norma incorporando ó local "altillos" ou plantas superiores que se destinasen a almacén ou outros usos.

Tal interpretación ven avalada polas cuestións ambientais que motivaron a introducción dos devanditos parámetros de superficie mínima, emitíndose en tal sentido informe por parte da empresa consultora que redactou o borrador da ordenanza no que textualmente se indica:

"1.- ANTECEDENTES

No artigo 39.1 da O.M. establece que a superficie "mínima destes locais será:

- Café-Bar Especial, Pub: 80 m².
- Café-Concerto, Café-Cantante, Karaoke, Boleiras ou recintos onde se emita música en vivo: 150 m².
- Discotecas, salas de baile e salas de festa, tablaos flamencos, "music-hall" e similares: 250 m².

Así mesmo, indica no apartado d):

"os establecementos deberán dispor, un vestíbulo de illamento cunha superficie mínima do 3% da superficie construída do local, incluíndo ...".

2.- SUPERFICIES MÍNIMAS DE LOCAIS DEDICADOS A ACTIVIDADES CLASIFICADAS OU INOCUAS, ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS, EN VARIAS PLANTAS.

É evidente que a inclusión de superficies mínimas na Ordenanza ten como obxectivo establecer medidas preventivas no desenvolvemento de actividades que contribúan á consecución dun nivel de comodidade sonora adecuado, con independencia da esixencia dun illamento acústico necesario para o cumprimento de niveis de emisión e inmisión de rúidos.

Precisamente no desenvolvemento de tales actividades, cando

se desenvolven en locais situados en varias plantas debe entenderse que cada local ha de garantir a totalidade de esixencias: de illamento acústico, superficie mínima e demais aspectos contemplados na Ordenanza.

Calquera outra interpretación desvirtuaría o obxectivo da ordenanza contra a contaminación acústica. Podíase en tal caso formularse, por exemplo, o absurdo de permitir as actividades sinaladas en: 2, 4 ou 5 locais intercomunicados, e situados en diferentes plantas, con superficies unitarias (de a penas 5-10 m²) moi inferiores ás esixidas no artigo 39, pero en conxunto súmanse o mínimo establecido.

O carácter preventivo, que significaba evitar unha acumulación excesiva de persoas nunha superficie reducida, e por tanto altos niveis de rúidos, quedaría así anulado.

3.- CONCLUSIONES

As superficies mínimas a que se refire o artigo 39.1 da Ordenanza Municipal de protección do medio ambiente contra a contaminación acústica, para o desenvolvemento de determinadas actividades, cando estas se desenvolven en locais comunicados e situados en diferentes plantas, han de entenderse como esixibles a cada un dos locais situados en cada planta".

Á vista das consultas formuladas por técnicos e cidadáns, e en aras a acadar maior seguridade xurídica e evitar expectativas amparadas na aplicación do principio de interpretación restrictiva e literal das normas de intervención na esfera dos administrados, propónse a modificación puntual da ordenanza no epígrafe do artigo 39 que regula as "ACTIVIDADES DEDICADAS O USO DE ESPECTÁCULO PÚBLICO OU ACTIVIDADES RECREATIVAS", engadindo despois da expresión "superficie mínima" dos referidos locais, a expresión "por planta"

Considerando de aplicación os seguintes FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

A Ordenanza é unha disposición administrativa de carácter xeral e instrumento normativo suxeito a un procedemento formal que se pode sintetizar do seguinte xeito:

A Ordenanza deberá tramitarse consonte ó previsto nos artigos 49 e 70-2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, de conformidade coa redacción dada pola Lei 11/99, do 21 de abril. Xa que logo, o procedemento será o seguinte:

a) Aprobación inicial polo Pleno.

b) Información Pública e audiencia ós interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

c) Resolución de tódalas reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. No caso de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entendera-

se definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional

d) Publicación íntegra do texto no Boletín Oficial da Provincia.

e) Transcurso do prazo previsto no art. 65.2. do citado texto legal, isto é, transcurso de quince días hábiles contados a partir da recepción da comunicación do acordo pola Administración do Estado e Comunidade Autónoma.

A modificación do texto dunha ordenanza estará suxeita ó mesmo procedemento que a súa aprobación.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa municipal de Medio Ambiente, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación inicial á modificación puntual do art. 39 do texto da Ordenanza Municipal de Protección do Medio Ambiente contra a Contaminación Acústica aprobada definitivamente polo pleno o 29.04.00 e publicada no BOP nº 110 de 9.06.00, engadindo no epígrafe do referido artigo que regula as "ACTIVIDADES DEDICADAS O USO DE ESPECTÁCULO PÚBLICO OU ACTIVIDADE RECREATIVA", logo da expresión "superficie mínima" a expresión "por planta", polo que o texto do referido artigo terá o seguinte teor literal:

"Artigo 39.

1. As condicións esixidas ás particións acústicas dos locais sitios en edificios habitados e destinados a calquera actividade de concorrencia pública ou instalación que poida considerarse como foco de ruído serán as seguintes:

a) En xeral os elementos constructivos horizontais e verticais de separación entre calquera instalación ou actividade do tipo mencionado e outro local ou recinto contiguo deberán garantir un illamento acústico mínimo de 45 dB (A) durante o horario de funcionamento dos focos de ruído, e de 60 dB (A) se a actividade ha de funcionar en parte durante o horario nocturno especificado no Art. 10.3 destas Ordenanzas.

Os titulares ou responsables de calquera actividade están obrigados a adopta-las medidas de insonorización nas súas fontes sonoras e de illamento acústico dos locais para cumprir en calquera caso as prescricións establecidas, dispoñendo, se fose preciso, de sistemas de ventilación forzada, de xeito que poidan pecharse os ocos ou fiestras existentes ou proxectadas.

Os proxectos técnicos de instalación de actividades afectadas polo ámbito de aplicación do Regulamento de Actividades Noxentas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, independentemente da súa inclusión ou non no seu Nomenclator Anexo, achegarán un estudio xustificativo sobre as medidas correctoras precisas para que a emisión e transmisión dos ruídos xerados polas distintas fontes sonoras cumpran as prescricións desta Ordenanza. O estudio xustificativo desenvolverá como mínimo os aspectos que se establecen nas sequin-

tes alíneas:

a) No caso de ruído aéreo:

-Identificación das fontes sonoras máis destacables da actividade e valoración do nivel acústico das mesmas.

-Localización e descrición das características da zona máis probable de recepción do ruído orixinado polas actividades, sinalando expresamente os límites do ruído legalmente admisible na zona.

-Valoración, en función dos datos anteriores, da necesidade mínima de illamento acústico ó ruído aéreo.

-Deseño da instalación acústica proposta, con descrición dos materiais utilizados e detalles constructivos da súa montaxe.

-Xustificación analítica da validez da instalación proposta.

b) No caso de ruído estrutural por vibracións:

- Identificación da máquina ou instalación conflictiva, detallando as súas características fundamentais (carga e frecuencia).

-Descrición do antivibrador seleccionado e cálculo analítico onde se aprecie a porcentaxe de eliminación de vibración obtido coa súa instalación.

-Detalle gráfico onde se aprecien as características da montaxe.

c) No caso de ruído estrutural por impactos:

-Descrición da natureza e características físicas do impacto.

- Valoración sobre a posible transmisión dos impactos a recintos colindantes.

-Descrición da solución técnica deseñada para a eliminación da transmisión estrutural dos impactos.

-Detalle gráfico onde se aprecien as características da solución adoptada.

Estes establecementos terán que poñer no exterior e na inmediación da porta de acceso unha placa na que se fará constalo aforo, actividade, número de licencia e superficie, para a inmediata identificación polo servizo de inspección acústica ou axentes municipais e sen prexuízo do cumprimento da normativa de protección do patrimonio cultural do Conxunto Histórico.

ACTIVIDADES DEDICADAS Ó USO DE ESPECTÁCULO PÚBLICO OU ACTIVIDADE RECREATIVA .

1. As licencias de instalación de locais dedicados a calquera tipo de espectáculo público ou actividade recreativa, con independencia de estar ou non incluídos no Nomenclátor Anexo do Regulamento de Actividades Noxentas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, tramitaranse segundo as determinacións deste Regulamento aprobado por Decreto 2414/1961, do 30 de novembro e polo Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, Real Decreto 2816/1982, do 27 de agosto.

a) En calquera caso, todos estes establecementos terán que

poñe-lo diploma ou extracto da licencia de apertura e posta en funcionamento que expide a Alcaldía na parede posterior á barra ou mostrador de atención ó público do local, para a inmediata identificación polos servicios ou axentes municipais.

b) Se a actividade é un bar sen música ambiental, ou semellante (Cafetería ou Café-Bar), o nivel de illamento acústico mínimo das particións separadoras con vivendas será de 70 dB (A).

c) No caso de bares con música, copas, "pubs", discotecas, salas de baile e salas de festa, tablaos flamencos, "music hall" e similares, cafés-concertos, cafés-cantantes, "karaoke", boleiras ou recintos onde se emita música ó vivo, o nivel de illamento esixible ós elementos constructivos separadores con vivendas será de 80 dB (A) como mínimo.

d) Os establecementos citados no apartado c) anteriores deberán dispor, na entrada principal do establecemento, dun vestíbulo de illamento cunha superficie mínima do 3% da superficie construída do local, incluídos servicios, barra, almacén, etc... Este vestíbulo franquearase por portas con apertura no sentido da evacuación, deixando entre elas unha zona libre de varrido de, cando menos, 1,20 m.

Asemade, a superficie mínima por planta destes locais será:

- Café-Bar Especial, Pub: 80m².
- Café-Concerto, Café-Cantante, Karaoke, Boleiras ou recintos onde se emita música ao vivo,: 150 m².
- Discotecas, salas de baile e salas de festa, tablaos flamencos, "music hall" e similares: 250 m².

e) Os valores de illamento tamén se refiren ós orificios e mecanismos para a ventilación e acondicionamento de ar dos locais.

2. Cando o foco de emisión de ruídos, no caso de actividades en xeral, sexa un elemento puntual, compresores, ventiladores, etc, o illamento acústico poderase limitar a dito foco emisor, sempre que se cumpran os niveis de transmisión de ruídos regulados nos artigos 9 e 10 desta Ordenanza.

3. O cumprimento das disposicións deste artigo non exime da obriga de axustarse ós niveis dos artigos 9 e 10 da Ordenanza".

SEGUNDO.- Dispoñer que a modificación da Ordenanza aprobada inicialmente se someta a información pública polo período de trinta días hábiles a efectos de reclamacións e suxestións, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Resoltas as reclamacións polo Pleno da Corporación, de se-lo caso, ou elevado a definitivo o Acordo provisional de non se formular alegacións, procederáse á publicación do texto íntegro do precepto da ordenanza modificada no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se efectúe a citada publicación e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

8.- PREMIOS CIDADE DE PONTEVEDRA: MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DOS PREMIOS CIDADE DE PONTEVEDRA.

Dáse conta do dictame, favorable por unanimidade, da Comisión Informativa Permanente de Política Social e Promoción do Benestar, sobre a modificación das bases reguladoras da concesión dos premios Cidade de Pontevedra.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Xosé Luis Bará Torres, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que aínda que é un tema suficientemente xa debatido, intervén para explica-los cambios introducidos nas bases que se refiren por unha parte a aspectos de contido e por outra a aspectos formais ou de redacción; os cambios máis importantes refírense á introducción dun preámbulo no que se explica a filosofía, a razón de ser destes premios, as modalidades e se fai unha referencia explícita a que o xurado valorará e terá en conta especialmente o traballo desenvolvido polas entidades ó longo do ano, tamén se lle dá unha maior publicidade ó premio e sinálase un prazo dun mes, dende o 5 de decembro ó 5 de xaneiro, para presentación de propostas, hai tamén unha maior concreción e modificación de aspectos referidos á composición do xurado e á elección de representantes por parte de asociacións culturais, veciñais e medios de comunicación e tamén unha maior concreción e precisión no que se refire ás deliberacións e ás votacións do xurado, tanto na primeira votación na que se esixe unha maioría de dous tercios, como na segunda reunión na que se pide a unanimidade tanto na presentación de propostas como na votación; quere facer constar como Presidente da Comisión a vontade de consenso con que tódolos grupos políticos afrontaron o debate deste tema e expresa-la confianza de que estas bases sirvan para consolida-los Premios Cidade de Pontevedra como un galardón de carácter institucional de todos, contribuíndo así a aumenta-lo seu prestixio e a súa proxección social.

A continuación intervén dona María Teresa Casal García, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que se congratula de que esta reforma das bases fose consensuada, pensa que cunha grande xenerosidade, por parte dos tres grupos, renunciando a algunhas suxestións que se fixeron e aceptando as dos demais e penso que debe ser así porque estes Premios Cidade de Pontevedra, se queren que de verdade teñan unha proxección e unha categoría e que realmente os premiados se sintan orgullosos de recibilos, ten que ser partindo dunha base moi importante que é que hai cousas tanto nos concellos como na administración central como nas comunidades que non deben ter cor política e este é un dos casos, de aí precisamente os acordos ós que se chegaron no tema de cómo face-las propostas e de cómo chegar a un acordo, que xa o destacou o presidente da Comisión, e

que soamente habería proposta por parte dos grupos políticos en caso de que non se chegara a un acordo na primeira xuntanza e incluso neste caso a proposta tiña que ser tamén por unanimidade, pensa que é moi importante este dato e tamén o da publicidade que se acordou dar, porque é importante que se difunda que existen os premios e antes se facía dun xeito que non daba lugar a moitas propostas, por último destacar tamén o feito do preámbulo no que tamén se resalta a idea de que poidan ser tamén mozos os premiados, que aínda que podía estar implícito antes, agora pensa que moita xente se pode dar conta mellor de que os mozos tamén poden ter cabida nestes galardóns e espera que así sexa no futuro,

Seguidamente intervén en nome do grupo municipal do Partido Popular, don Celestino Lores Rosal, dicindo que efectivamente isto é unha mostra de como se ten que facer, tal como falaban antes, pero neste caso como a iniciativa sae do Goberno entón convócase a Comisión, apórtanse as ideas e fanse, por tanto fagan o mesmo cando se trata das propostas da oposición, pois neste caso veuse claramente como é o traballo, como se fai nunha Comisión, como se aportan as ideas e como se recollen coa contribución de cada quen e así se pode chegar a un acordo, pero isto a ver se o fan en tódalas Comisións.

De novo concédese a palabra ó señor Bará Torres, o cal manifesta que non tiña previsto intervenir no segundo turno, pero ten que lle recordar ó señor representante do Partido Popular que neste mandato téñense aprobado numerosas ordenanzas, regulamentos e normativas co traballo, a participación e a vontade de acordo de tódolos grupos, tanto por iniciativa do grupo de goberno como doutros partidos que forman parte da Corporación, por tanto este non é unha excepción.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Política Social e Promoción do Benestar, acorda aproba-la modificación das bases reguladoras da concesión dos premios cidade de Pontevedra, sendo o texto íntegro das bases modificadas o seguinte:

BASES DO PREMIO "CIDADE DE PONTEVEDRA"

Preámbulo:

Os premios Cidade de Pontevedra teñen como finalidade galardoar o relevante labor desenvolvido na modalidade individual por unha persoa física, e na modalidade colectiva por persoas xurídicas (asociacións, entidades ou colectivos de carácter cultural, social, xuvenil, empresarial, etc.). O xurado terá en conta e valorará especialmente o labor desenvolvido no ano que corresponda.

1º.- Dos galardoados:

Concederanse os seguintes premios:

A) A unha persoa física vencellada, dalgún xeito, ao municí-

pio de Pontevedra e aos seus habitantes.

B) A unha persoa xurídica, asociación, entidade ou colectivo que teña desenvolvido un labor de especial proxección cara Pontevedra ou os seus habitantes.

Para cada unha das modalidades comprendidas nos apartados A), B) outorgarase un único premio que consistirá nun teucro de prata e un diploma.

2º.- Da proposta dos candidatos.

O Concello de Pontevedra fará pública a convocatoria para a presentación de propostas na que se sinalará o prazo, e daráselle a oportuna publicidade para o coñecemento de tódolos cidadáns.

O prazo de presentación de candidaturas comezará o día 5 de decembro do ano en curso, e rematará o 5 de xaneiro do ano seguinte.

Os candidatos a ámbalas dúas modalidades do Premio "Cidade de Pontevedra" poderán ser propostos por calquera asociación, institución, entidade ou colectivo do municipio de Pontevedra; sen que poida, ningunha delas, propoñerse a ela mesma. As propostas serán presentadas no rexistro do Concello; e nelas sinalaranse todos os datos posibles do candidato ou candidatos propostos. Deberase xuntar, para cada caso, unha memoria xustificativa que saliente a traxectoria persoal ou profesional dos propostos.

As persoas físicas ou xurídicas propostas deberán sempre ter coñecemento da súa candidatura.

3º.- Do xurado.

3.1. Do presidente do xurado: a presidencia a ocupará o Ilmo. Sr. Alcalde, co seu voto de calidade, quen a poderá delegar no Presidente da Comisión Municipal Informativa da área correspondente. Actuará como secretario o titular da corporación ou o funcionario en quen este delegue.

3.2. Dos vocais: o xurado estará composto polos membros da comisión informativa da área correspondente, incluído o presidente da mesma. Representarán de maneira proporcional os distintos grupos municipais. Así mesmo formarán parte do xurado cualificador dos Premios "Cidade de Pontevedra" un representante elixido entre as asociacións veciñais; outro entre as asociacións culturais; e un terceiro entre os medios de información, con representatividade no Municipio. Estes tres representantes deberán selo por un so período, aínda que poderán ser ratificados ou reelixidos.

4º.- Da elección dos candidatos.

Unha vez rematado o prazo de presentación de propostas, o xurado fixará a primeira das súas reunións, ao longo da semana seguinte á da finalización do prazo de presentación de candidaturas, co fin de analizar as propostas existentes. Procederase ao estudio polo miúdo da biografía e do currículo de cada un dos

candidatos propostos.

Todos os membros do xurado tratarán de consensuar de maneira unánime o outorgamento dos premios. De non ser así, deberá chegarse á obtención dunha maioría cualificada de dous tercios.

Se o xurado na primeira reunión non chegase á unanimidade ou a unha maioría cualificada de dous tercios con respecto ás candidaturas presentadas, poderán propor outros candidatos nunha segunda sesión sempre que sexa por unanimidade, tanto a proposta como a elección.

Poderase deixar o premio deserto.

Unha vez realizada a votación e elixidos os premiados, o xurado gardará segredo sobre as deliberacións da sesión.

5º.- Da entrega de premios.

A corporación comunicarlles aos galardoados a concesión dos premios.

Unha vez que o xurado acorde os premios, a corporación municipal, en sesión plenaria, prestará aprobación aos mesmos. Esta decisión será inapelable.

Os premios serán entregados na sesión extraordinaria de honras que para tal efecto terá lugar tradicionalmente o día 20 de xaneiro, festividade de San Sebastián.

Disposición final.

En todo aquilo que non se preveña nas presentes bases, fáltase ao xurado cualificador para a súa interpretación e resolución.

O feito de presentar propostas aos Premios "Cidade de Pontevedra" supón a total aceptación das presentes bases.

Se ausenta da sesión don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.

9.- SERVICIO MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO DE AUGAS: REVISIÓN DO PREZO DO ANTERIOR CONTRATO CON MOTIVO DA AMPLIACIÓN DE PERSOAL, SOLICITADO POLA EMPRESA CONCESIONARIA DURANTE OS EJERCICIOS 1995, 1996 E 1997.

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Patrimonio sobre a revisión do prezo do anterior contrato do servizo municipal de abastecemento de augas con motivo da ampliación de persoal, solicitado pola empresa concesionaria durante os exercicios 1995, 1996 e 1997.

O Pleno da Corporación, por maioría, prestou a súa aprobación ós proxectos de acordo nos termos seguintes:

A) REVISIÓN DO PREZO ANO 1995.

Visto o expediente tramitado a instancia da empresa AQUAGEST, S.A., adxudicataria da xestión indirecta do servizo público municipal de abastecemento de auga, solicitando a revisión do prezo do contrato correspondente ó exercicio de 1995, por

aumento do persoal, resultan relevantes os seguintes FEITOS:

1º.- O Pleno da Corporación na súa sesión extraordinaria que tivo lugar o día 21 de marzo de 1991, aprobou o prego de prescricións técnicas e condicións económicas-administrativas para adxudicar, mediante concurso, a xestión indirecta do servizo municipal de abastecemento de augas na súa modalidade de concerto e co carácter de ensaio, estudio e posta a punto do servizo.

2º.- O Pleno da Corporación en data 29 de maio de 1991, adxudicou á empresa AQUAGEST, S.A., a xestión indirecta do servizo municipal de augas.

3º.- O Pleno da Corporación en data 8 de xuño de 1995 aprobou a revisión extraordinaria do prezo do contrato a consecuencia do aumento dos custos de persoal pola non incorporación de dous funcionarios municipais e a xubilación doutros dous.

4º.- Pola empresa AQUAGEST S.A. se solicita a revisión do prezo do contrato motivado pola ampliación do persoal para cubrir vacantes do persoal municipal adscrito ó servizo do ano 1995.

5º.- O prego de condicións regula na súa cláusula sétima o persoal municipal que sería adscrito ó servizo, establecendo que "el Ayuntamiento adscribirá a la empresa adjudicataria un Maestro Fontanero, siete Oficiales Fontaneros, tres Peones Operarios, dos Guardas de depósito y un conductor, todos ellos funcionarios y un ayudante de fontanería, contratado laboral. Los funcionarios y personal laboral adscritos prestaran sus servicios a la empresa adjudicataria, bajo su dirección, respetando el Ayuntamiento íntegramente los derechos derivados de su relación estatutaria o laboral con la Administración municipal".

6º.- Polo Xefe da Unidade de Persoal se informa que: "Se ratifica informe anterior de 5 de decembro de 1994, relativo a la situación de funcionarios de este Ayuntamiento que habían sido adscritos a dicho servicio, y de los que causaron jubilación en 1994.= Respecto al año 1995 se produjeron en la plantilla municipal adscrita a dicho Servicio las siguientes circunstancias: D. Jose Luis Estevez Fernandez, estuvo en situación de baja por enfermedad durante todo el año 1995. D. Jose Cordoba Piñeiro, causó baja definitiva por fallecimiento el día 14 de marzo de 1995. D. Benito Ferrer Abilleira, baja definitiva por jubilación el tres de diciembre de 1995."

7º.- O Enxeñeiro municipal informa que "los parametros aplicados para la revisión del precio del contrato como consecuencia de la ampliación del personal, motivado tanto por bajas de enfermedad, como por jubilaciones se estima aceptable.= Por otro lado, es cierto que no resulta posible adscribir operarios minicipales al Servicio de aguas sin que queden desatendidas otras atenciones municipales, bien en edificios municipales, centros escolares, vias públicas, etc.= Quien suscribe informa favorablemente la so-

licitud de revisión de precios para el año 1995, como consecuencia de la ampliación del personal para prestación del servicio de abastecimiento de agua, cuyo montante final asciende a 19.651.473 pts."

8°.- Remitido novamente o expediente á Unidade de Persoal ó obxecto de que se determine si os custos anuais de persoal deducidos do convenio colectivo son os correctos, polo Xefe da citada Unidade se propón que se require á empresa AQUAGEST para que presente, analizado por conceptos retributivos, o custo do salario bruto anual do traballador para os anos 1995 e 1996 e que, se rectifique o porcentaxe do custo de Seguridade Social a cargo da empresa, aplicando sobre o salario procedente o tipo de cotización do 34,40%.

9°.- A empresa AQUAGEST en data 9 de xuño de 1998 achega a documentación requirida informándose pola Unidade de Persoal que "a) Retribuciones. La retribución que figura en el cuadro desglosado que se presenta por la empresa se ajusta a lo previsto en el convenio colectivo para los años 1995/97 que obra unido en el expediente, publicado en el DOG de 16 de abril de 1996.= b) Seguridad Social a cargo de la empresa. En el nuevo cálculo efectuado por la empresa se aplica el porcentaje del 34,4% sobre el salario bruto, que se considera correcto, habiéndose corregido el que figuraba en el escrito inicial del expediente..."

10°.- Pola Intervención xeral se emite informe no que indica que "... a la vista de los datos expuesto, de los informes evacuados por la unidad de personal, una vez se ha determinado el coste anual por operario, según la liquidación de desglose de nóminas presentada por la empresa, cuantificada en 3.338.631 pesetas, y una vez determinado de igual modo el número de días que se ha visto obligada a la empresa adjudicataria a cubrir la prestación del servicio (2145 días), arroja un número de operarios igual a 5,876712, lo que totaliza un importe de 19.620.174 pesetas.= El incremento a favor de la adjudicataria, como consecuencia de la no-adscrición de otros operarios municipales al servicio, y la consecuente contratación para la cobertura del mismo, arroja un coste, durante el ejercicio que nos ocupa (1995), de 19.620.174 pesetas, que podrá ser afrontado con cargo al crédito disponible de la Partida 006-441.22709 del Presupuesto de 2000, que ha sido objeto de incorporación como remanente de crédito del ejercicio de 1999".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1°.- A cláusula décimo cuarta do prego, establece a revisión de prezos e equilibrio económico: "El precio de adjudicación por la gestión del servicio, se entenderá corresponde a las condiciones económicas existentes en la fecha de la firma del contrato y será revisado cuando se produzca un incremento de los costes pre-

vistos. Si se modifican las condiciones técnicas de explotación, motivadas por la introducción de nuevos procesos de tratamiento, disminución de caudales propios del Ayuntamiento, elevación u otras causas, el contratista tendrá derecho a un aumento o disminución de su retribución equivalente al coste diferencial de explotación que estas variaciones técnicas representen".

2º.- A cláusula sexta do prego dispón que dentro do prezo global que oferten as empresas licitadoras non se incluírán os gastos do persoal (funcionario e laboral) que o Concello adscriba á empresa adxudicataria do servizo, os cales serán aboados directamente polo Concello.

3º.- O prego de condicións regula na súa cláusula sétima o persoal municipal que sería adscrito ó servizo, establecendo que "el Ayuntamiento adscribirá a la empresa adjudicataria un Maestro Fontanero, siete Oficiales Fontaneros, tres Peones Operarios, dos Guardas de depósito y un conductor, todos ellos funcionarios y un ayudante de fontanería, contratado laboral. Los funcionarios y personal laboral adscritos prestarán sus servicios a la empresa adjudicataria, bajo su dirección, respetando el Ayuntamiento íntegramente los derechos derivados de su relación estatutaria o laboral con la Administración municipal".

4º.- A cláusula undécima do prego de prescricións técnicas e económico-administrativas, establece a obriga do Concello de manter o equilibrio económico do contrato durante a súa vixencia, revisando o prezo pactado na forma establecida no prego.

5º.- A revisión do prezo solicitado pola empresa AQUAGEST se estima xustificada xa que como se informou polo Xefe da Unidade de Persoal e Enxeñeiro municipal se produciron modificacións no persoal municipal adscrito ó servizo pola xubilación e baixa definitiva durante o exercicio de 1995 dos funcionarios, polo que ten dereito a empresa á revisión do prezo polo aumento do custo de persoal, para restablece-lo equilibrio económico do contrato tal e como establece o prego de condicións.

6º.- Que é competencia do Pleno da Corporación esta Resolución de conformidade co establecido nos arts. 22-2 da Lei 7/88 de Bases de Réxime Local, 23 do Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e 50-21 do Regulamento de organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de dezasete Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 8 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e coa abstención de cinco Concelleiros (os 5 presentes do grupo municipal do PS de G-PSOE), acorda acceder á solicitude da empresa AQUAGEST e, en consecuencia, prestar aprobación á revisión do prezo do contrato correspondente ó exercicio

de 1995, contemplada na cláusula 14ª do pliego, producida por aumento do persoal, cun montante final ascende a 19.620.174 pesetas, que será financiado con cargo á Partida 006-441.22709 do orzamento de 2000, que foi obxecto de incorporación como remanente de crédito do exercicio de 1999, dispoñendo o seu abono.

B) REVISIÓN DO PREZO ANO 1996.

Visto o expediente tramitado a instancia da empresa AQUAGEST, S.A., adxudicataria da xestión indirecta do servizo público municipal de abastecemento de auga, solicitando a revisión do prezo do contrato correspondente ó exercicio de 1996, por aumento do persoal, resultan relevantes os seguintes FEITOS:

1º.- O Pleno da Corporación na súa sesión extraordinaria que tivo lugar o día 21 de marzo de 1991, aprobou o prego de prescricións técnicas e condicións económicas-administrativas para adxudicar, mediante concurso, a xestión indirecta do servizo municipal de abastecemento de augas na súa modalidade de concerto e co carácter de ensaio, estudio e posta a punto do servizo.

2º.- O Pleno da Corporación en data 29 de maio de 1991, adxudicou á empresa AQUAGEST, S.A., a xestión indirecta do servizo municipal de augas.

3º.- O Pleno da Corporación en data 8 de xuño de 1995 aprobou a revisión extraordinaria do prezo do contrato a consecuencia do aumento dos custos de persoal pola non incorporación de dous funcionarios municipais e a xubilación doutros dous.

4º.- Pola empresa AQUAGEST S.A. se solicita a revisión do prezo do contrato motivado pola ampliación do persoal para cubrir vacantes do persoal municipal adscrito ó servizo do ano 1996.

5º.- O prego de condicións regula na súa cláusula sétima o persoal municipal que sería adscrito ó servizo, establecendo que "el Ayuntamiento adscribirá a la empresa adjudicataria un Maestro Fontanero, siete Oficiales Fontaneros, tres Peones Operarios, dos Guardas de depósito y un conductor, todos ellos funcionarios y un ayudante de fontanería, contratado laboral. Los funcionarios y personal laboral adscritos prestaran sus servicios a la empresa adjudicataria, bajo su dirección, respetando el Ayuntamiento integramente los derechos derivados de su relación estatutaria o laboral con la Administración municipal".

6º.- Polo Xefe da Unidade de Persoal se informa que: "Se ratifica informe anterior de 5 de decembro de 1994 y 23 de febrero de 1996, relativo a la situación de funcionarios de este Ayuntamiento que habían sido adscritos a dicho servicio, y de los que causaron jubilación en 1994 y 1995 por cumplimiento de la edad reglamentaria.= Respecto al año 1996 se produjeron en la plantilla municipal adscrita a dicho Servicio las siguientes variaciones: D. Jose Luis Estevez Fernandez, causó baja definitiva por fallecimiento el 26 de abril de 1996, D. José Blanco Agulla causó

baja definitiva por jubilación el 7 de octubre de 1996".

7°.- O Enxeñeiro municipal informa que "examinado el expediente relativo al incremento de retribuciones motivado por la sustitución del personal municipal adscrito a AQUAGEST, S.A., por personal directamente contratado por la empresa citada, se considera correcta la petición de revisión de la retribución.= En todo caso las partidas correspondientes a salarios deberían ser cuantificadas debidamente por parte de aquellos servicios del Ayuntamiento en los cuales se disponga de datos sobre las retribuciones del personal".

8°.- Remitido novamente o expediente á Unidade de Persoal ó obxecto de que se determine si os custos anuais de persoal deducidos do convenio colectivo son os correctos, polo Xefe da citada Unidade se propón que se require á empresa AQUAGEST para que presente, analizado por conceptos retributivos, o custo do salario bruto anual do traballador para os anos 1995 e 1996 e que, se rectifique o porcentaxe do custo de Seguridade Social a cargo da empresa, aplicando sobre o salario procedente o tipo de cotización do 34,40%.

9°.- A empresa AQUAGEST achega a documentación requirida informándose pola Unidade de Persoal que "a) Retribuciones. La retribución que figura en el cuadro desglosado que se presenta por la empresa se ajusta a lo previsto en el convenio colectivo para los años 1995/97 que obra unido en el expediente, publicado en el DOG de 16 de abril de 1996.= b) Seguridad Social a cargo de la empresa. En el nuevo cálculo efectuado por la empresa se aplica el porcentaje del 34,4% sobre el salario bruto, que se considera correcto, habiéndose corregido el que figuraba en el escrito inicial del expediente..."

10°.- Pola Intervención xeral se emite informe no que indica que "... a la vista de los datos expuesto, de los informes evacuados por la unidad de personal, una vez se ha determinado el coste anual por operario, según la liquidación de desglose de nóminas presentada por la empresa, cuantificada en 3.588.033 pesetas, y una vez determinado de igual modo el número de días que se ha visto obligada a la empresa adjudicataria a cubrir la prestación del servicio (2524 días), arroja un número de operarios igual a 6,915068, lo que totaliza un importe de 24.811.492 pesetas.= El incremento a favor de la adjudicataria, como consecuencia de la no-adscripción de otros operarios municipales al servicio, y la consecuente contratación para la cobertura del mismo, arroja un coste, durante el ejercicio que nos ocupa (1996), de 24.811.492 pesetas, que podrá ser afrontado con cargo al crédito disponible de la Partida 006-441.22709 del Presupuesto de 2000, que ha sido objeto de incorporación como remanente de crédito del ejercicio de 1999".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1º.- A cláusula décimo cuarta do prego, establece a revisión de prezos e equilibrio económico: "El precio de adjudicación por la gestión del servicio, se entenderá corresponde a las condiciones económicas existentes en la fecha de la firma del contrato y será revisado cuando se produzca un incremento de los costes previstos. Si se modifican las condiciones técnicas de explotación, motivadas por la introducción de nuevos procesos de tratamiento, disminución de caudales propios del Ayuntamiento, elevación u otras causas, el contratista tendrá derecho a un aumento o disminución de su retribución equivalente al coste diferencial de explotación que estas variaciones técnicas representen".

2º.- A cláusula sexta do prego dispón que dentro do prezo global que oferten as empresas licitadoras non se incluírán os gastos do persoal (funcionario e laboral) que o Concello adscriba á empresa adxudicataria do servicio, os cales serán aboados directamente polo Concello.

3º.- O prego de condicións regula na súa cláusula sétima o persoal municipal que sería adscrito ó servicio, establecendo que "el Ayuntamiento adscribirá a la empresa adjudicataria un Maestro Fontanero, siete Oficiales Fontaneros, tres Peones Operarios, dos Guardas de depósito y un conductor, todos ellos funcionarios y un ayudante de fontanería, contratado laboral. Los funcionarios y personal laboral adscritos prestaran sus servicios a la empresa adjudicataria, bajo su dirección, respetando el Ayuntamiento íntegramente los derechos derivados de su relación estatutaria o laboral con la Administración municipal".

4º.- A cláusula undécima do prego de prescricións técnicas e económico-administrativas, establece a obriga do Concello de manter o equilibrio económico do contrato durante a súa vixencia, revisando o prezo pactado na forma establecida no prego.

5º.- A revisión do prezo solicitado pola empresa AQUAGEST se estima xustificada xa que como se informou polo Xefe da Unidade de Persoal e Enxeñeiro municipal se produciron modificacións no persoal municipal adscrito ó servicio pola xubilación e baixa definitiva durante o exercicio de 1995 dos funcionarios, polo que ten dereito a empresa á revisión do prezo polo aumento do custo de persoal, para restablece-lo equilibrio económico do contrato tal e como establece o prego de condicións.

6º.- Que é competencia do Pleno da Corporación esta Resolución de conformidade co establecido nos arts. 22-2 da Lei 7/88 de Bases de Réxime Local, 23 do Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e 50-21 do Regulamento de organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de

dezasete Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 8 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e coa abstención de cinco Concelleiros (os 5 presentes do grupo municipal do PS de G-PSOE), acorda acceder á solicitude da empresa AQUAGEST e, en consecuencia, prestar aprobación á revisión do prezo do contrato correspondente ó exercicio de 1996, contemplada na cláusula 14ª do prego, producida por aumento do persoal, cun montante final ascende a 24.811.492 pesetas, que será financiado con cargo á Partida 006-441.22709 do orzamento de 2000, que foi obxecto de incorporación como remanente de crédito do exercicio de 1999, dispoñendo o seu abono.

C) REVISIÓN DO PREZO ANO 1997.

Visto o expediente tramitado a instancia da empresa AQUAGEST, S.A., adxudicataria da xestión indirecta do servizo público municipal de abastecemento de auga, solicitando a revisión do prezo do contrato correspondente os meses de xaneiro e febreiro de 1997, por aumento do persoal, resultan relevantes os seguintes FEITOS:

1º.- O Pleno da Corporación na súa sesión extraordinaria que tivo lugar o día 21 de marzo de 1991, aprobou o prego de prescricións técnicas e condicións económicas-administrativas para adxudicar, mediante concurso, a xestión indirecta do servizo municipal de abastecemento de augas na súa modalidade de concerto e co carácter de ensaio, estudio e posta a punto do servizo.

2º.- O Pleno da Corporación en data 29 de maio de 1991, adxudicou á empresa AQUAGEST, S.A., a xestión indirecta do servizo municipal de augas.

3º.- O Pleno da Corporación en data 8 de xuño de 1995 aprobou a revisión extraordinaria do prezo do contrato a consecuencia do aumento dos custos de persoal pola non incorporación de dous funcionarios municipais e a xubilación doutros dous.

4º.- Pola empresa AQUAGEST S.A. se solicita a revisión do prezo do contrato motivado pola ampliación do persoal para cubrir vacantes do persoal municipal adscrito ó servizo durante os meses de xaneiro e febreiro de 1997.

5º.- O prego de condicións regula na súa cláusula sétima o persoal municipal que sería adscrito ó servizo, establecendo que "el Ayuntamiento adscribirá a la empresa adjudicataria un Maestro Fontanero, siete Oficiales Fontaneros, tres Peones Operarios, dos Guardas de depósito y un conductor, todos ellos funcionarios y un ayudante de fontanería, contratado laboral. Los funcionarios y personal laboral adscritos prestaran sus servicios a la empresa adjudicataria, bajo su dirección, respetando el Ayuntamiento íntegramente los derechos derivados de su relación estatutaria o laboral con la Administración municipal".

6º.- Polo Xefe da Unidade de Persoal se informa que: "...

efectivamente desde la adjudicación del servicio se produjeron ocho bajas del personal municipal... respecto al coste de la Seguridad Social, el cálculo efectuado en el anexo a la solicitud se aplica el porcentaje del 34,40%, porcentaje que se considera correcto en cuanto a los demás extremos del cálculo efectuado por la empresa, como son el número de días cubiertos por personal ajeno a la Administración municipal y porcentaje correspondiente, nada tenemos que objetar".

7º.- Remitido novamente o expediente á Unidade de Personal se informa que "a retribución que figura no cadro desglosado que presenta a empresa se axusta ó previsto no artigo 56 do convenio colectivo vixente (DOG 16-4-96), que prevé para o ano 1997 un incremento salarial do 3,85 (IPC máis 1,25%) no cálculo efectuado pola empresa respecto o coste de Seguridade Social a cargo da mesma aplícase o porcentaxe do 34,4% sobre o salario bruto, o que se considera correcto".

8º.- Pola Intervención xeral se emite informe no que indica que "... a la vista de los datos expuesto, de los informes evacuados por la unidad de personal, una vez se ha determinado el coste anual por operario, según la liquidación de desglose de nóminas presentada por la empresa, cuantificada en 3.792.321 pesetas, y una vez determinado de igual modo el número de operarios igual a 8 lo que totaliza un importe de 30.338.568 pesetas.= El incremento a favor de la adjudicataria, como consecuencia de la no-adscrición de otros operarios municipales al servicio, y la consecuente contratación para la cobertura del mismo, arroja un coste, durante el ejercicio que nos ocupa (1997), de 30.338.568 pesetas si bien tal incremento ha de ser aplicado unicamente al primer bimestre del ejercicio, dado que en ese momento remató el citado contrato, lo cual arroja una cifra de 5.056.428 pts, que podrá ser afrontado con cargo al crédito disponible de la Partida 006-441.22709 del Presupuesto de 2000, que ha sido objeto de incorporación como remanente de crédito del ejercicio de 1999".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1º.- Que a cláusula 37.1 do prego de prescricións técnicas e económico-administrativas, establece a obrigación do Concello de manter o equilibrio económico do contrato durante a súa vixencia, revisando o prezo pactado na forma establecida no prego.

2°.- A cláusula trinta e sete do prego, establece a revisión de prezos e o equilibrio económico, polo que anualmente procederá a revisión do prezo de acordo co establecido no prego, producíndose a primeira revisión o día primeiro de xaneiro seguinte o da adxudicación do contrato, sempre que transcorreran máis de seis meses desde a súa formalización no caso de que se produciran incrementos xustificados desde a data de adxudicación, polo que dándose os requisitos temporais procede a revisión do prezo do contrato. Os puntos 3 e 4 da mencionada cláusula establecen os parámetros a ter en conta para a revisión, establecendo a fórmula polinómica para a revisión que de acordo cos informes do Enxeñeiro municipal e da Intervención Xeral, aplicouse correctamente.

3°.- No contrato administrativo da xestión do servizo público de abastecemento de auga potable, mantemento da rede de saneamento e depuración de augas residuais na modalidade de concesión administrativa, formalizado coa empresa AQUAGEST, S.A. o 28 de febreiro de 1997 na súa cláusula segunda se establece a retribución económica do concesionario ou prezo a percibir pola xestión dos servizos obxecto do contrato, desglosándose os prezos unitarios por subministración de auga potable (23,20 pta/m³ de auga facturada IVE incluído máis 19,99 pta IVE incluído por repercusión do custo de amortización), por saneamento (16,24 pta/m³ de auga facturada IVE incluído máis 2,35 IVE incluído por repercusión do custo de amortización) e prezo unitario por depuración de augas residuais (12,55 pta/m³ de augas factura IVE incluído máis 2,02 pta por repercusión do custo de amortización). A Lei 37/92 de 28 de decembro do Imposto sobre o Valor Engadido establece o tipo impositivo do 7% para a prestación de servizos entre os que se inclúen os de limpeza de sumidoiros públicos e tratamento de augas residuais, polo que é necesaria a modificación do documento administrativo para adecuación dos tipos impositivos do imposto á normativa de aplicación, dando lugar a unha modificación dos prezos de adxudicación no que afecta a os prezos por saneamento e depuración.

4°.- A Lei 13/95 de contratos das Administracións Públicas no seu artigo 60 dispón que o órgano de contratación dentro dos límites e cos efectos sinalados na Lei ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento e modificalos por razón do interese público.

5°.- Que é competencia do Pleno desta Corporación esta resolución de conformidade co establecido nos arts. 22-2 da Lei 7/88 de Bases de Réxime Local, 23 do Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local e 50-21 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e art° 64.2 da Lei 5/97 de Administración Local de Gali-

cia.

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de dezaseis Concelleiros (os 8 presentes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 8 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e coa abstención de cinco Concelleiros (os 5 presentes do grupo municipal do PS de G-PSOE), acorda prestar aprobación á revisión ordinaria do prezo do contrato, contemplada na cláusula 37ª do prego e producida como consecuencia do incremento dos custos previstos por gastos de persoal, material e variación das tarefas eléctricas, de conformidade ca fórmula polinómica aplicable segundo se especifica no punto 3º dos feitos do presente acordo, o que supón un incremento para 2000 (so ata o mes de agosto inclusive) de 16.099.983 pta respecto o contrato formalizado coa empresa AQUAGEST, S.A. o día 28 de febreiro de 1997, e o abono á empresa AQUAGEST, S.A. será financiado con cargo á consignación dispoñible da Partida 006-441.22709 do orzamento de 2000, na contía de 14.600.674 pta, que foi obxecto de incorporación como remanente de crédito ó exercicio de 1999, e a cantidade restante de 1.499.309 pta correspondente o IVE derivado del abastecemento con cargo á correspondente partida non orzamentaria (conta PGCP nº 568-Debedores por IVE), previa presentación da correspondente factura conformada polo Técnico municipal.

Se ausenta da sesión don Celestino Lores Rosal.

11.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE DÉBEDAS CONTRAÍDAS POLA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL.

Dáse conta dos dictames, favorables por maioría, da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Patrimonio sobre o recoñecemento extrajudicial das seguintes débedas contraídas pola Administración municipal:

- a) Obras de reforma de local para talleres de artes plásticas da Unidade Asistencial de Día.
- b) Obras de acondicionamento das dependencias da Policía Local no Pazo de Congresos e Exposicións.
- c) Obras incluídas no proxecto complementario ó de construción do mercado de abastos provisional.
- d) Facturas correspondentes a diversas subministracións ou servicios prestados polas empresas Editorial Aranzadi, Correos e Telégrafos e Telefónica.

Aberto o debate, intervén don Raimundo González Carballo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que algúns dos recoñecementos, tal como é o caso do primeiro, non implica modificación orzamentaria ningunha, é un cambio en unidades de obra exclusivamente, no segundo caso o da Policía Local é un incremento de unidades, pois á hora de medir e

facen a liquidación aparecen máis unidades, o tema do Mercado xa veu aquí no seu momento para dotalo de crédito e o último, que é o que nunca viñera, son facturas de correos, teléfonos, etc., de anos anteriores porque se extraviaron, non as presentaron en tempo ou polos motivos máis diversos, entón estes son os motivos destes recoñecementos extraxudiciais de débeda.

Seguidamente intervén o portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, para dicir que el grupo municipal socialista va a manter a abstención en todos estes recoñecementos extraxudiciais por diversos motivos que ya ha explicado en outras ocasións e sobre todo en estes casos como pode ser en el tema del Mercado provisional, cuya adjudicación se realizou en el mismo momento del proyecto de reforma del Mercado y que al final se ha desfasado en esos treinta y tantos millones de pesetas, con lo cual en este momento, como ya hizo en el momento del proyecto de reforma, no lo va a apoyar; en todo caso hay una cosa que le llama la atención, que simplemente es una cuestión de tipo anecdótico pero que quería consultarla con el señor González Carballo y es esa especie de teléfono taurino que aparece aquí, una instalación de teléfono en la Plaza de Toros este verano, que entiende que no era para los toros sino para los festivales que se realizaron seguramente en la Plaza de Toros en el verano, pero que dice curiosamente en el informe que no consta ninguna autorización previa ni fiscalización que permitiera efectuar dicho gasto, por lo que le gustaría saber quien dio permiso para instalar ese teléfono, porque parece un teléfono fantasma.

A continuación intervén don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, dicindo que va a votar a favor de todos estos recoñecementos extraxudiciais de deuda, pero dicirle al grupo de gobierno que le aconseja que en el orden del día de los Plenos, al igual que hay un punto que aparece siempre que es aprobación del acta anterior, añadan un segundo punto que se titule declaraciones, pronunciamientos y recoñecimiento extraxudiciais de deuda, porque es lo que está apareciendo siempre en todos los Plenos.

De novo intervén o señor González Carballo para facer unha aclaración e lamenta que xa non estea o señor Lores Rosal, porque a factura é do 13-9-98 e é con motivo das festas patronais da Virxe Peregrina, entón ven dunha cuestión anterior como veñen a maior parte dos recoñecementos extraxudiciais e este Concelleiro do único que ten certa responsabilidade é de que non se mediran ben as unidades do baixo da Policía Local, as demais veñen da Corporación anterior, e ó mellor tiña razón don Guillermo Meijón antes porque non intervira no tema anterior, porque teñen que facer un exceso de xestión, xa que non teñen só que face-la propia senón toda a que lles ven atrasada de anos anteriores, como era o

punto nº 9 da orde do día.

Volve a concedérselle a palabra ó señor Pedrosa Fernández, el cual quiere hacer una aclaración, porque parece que la anterior Corporación hacía eso mal y le puede decir al señor González Carballo que ese será un problema del que no presenta la factura, del que la presenta mal o del que la pierde, evidentemente no del grupo de gobierno.

Novamente intervén o señor Taboada Rivadulla dicindo que, como no podía ser de otra forma, acepta la explicación del señor González Carballo, pero si lo preguntó es porque ponía instalación de teléfono en la plaza de toros este verano y ahora aclarado lo comprenden.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, prestou a súa aprobación ós proxectos de acordo nos termos seguintes:

A) OBRAS DE REFORMA DE LOCAL PARA TALLERES DE ARTES PLÁSTICAS DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DÍA.

Examinado o expediente tramitado para a aprobación da certificación nº 1-liquidación das obras de "reforma de local para talleres de artes plásticas del Programa Urban II", son relevantes para la resolución do mesmo os seguintes FEITOS:

1º.- Por Resolución da Alcaldía de data 30 de xuño de 1999 se adjudicou á empresa CONSTRUCCIONES CASAS NOVAS, S.L., a execución das obras de "reforma de local para talleres de artes plásticas del Programa Urban II", no prezo de 1.999.951 pta IVE incluído, quedando comprometido o gasto que se financia con cargo ó RCREM 1.999-12510, debéndose expedir unha única certificación o factura pola totalidade da obra que debería ser conformada polo Técnico municipal.

2º.- A empresa CONSTRUCCIONES CASAS NOVAS, S.L. presentou a certificación número 1-liquidación por importe de 1.999.951 pta, informándose, pola Intervención Xeral que examinadas as unidades de obra e prezos unitarios da certificación comprobouse que determinados conceptos e unidades da certificación non coinciden co proxecto polo que se devolve á súa unidade de xestión.

3º.- O Arquitecto da Oficina do Plano Urban emitiu informe no que sinala que na execución das obras fixéronse cambios respecto o proxecto orixinal sen variar o orzamento das obras: no capítulo de albanelería substituíronse as tabiques dobrables e o tabique autoportante para deixar un espacio diáfano, mellorándose as instalacións de fontanería, iluminación e prevención contra incendios do local.

4º.- Pola Intervención xeral se emite informe no que indica que "No informe de Intervención de data 30-12-99 indicábase que non se axustaba a mesma ós prezos unitarios e unidades de obra indicados no proxecto, polo que se devolvía a mesma á súa unidade

de xestión.= O 25 de febreiro de 2000 remítese novamente a esta Intervención o expediente, no que consta informe do Sr. Arquitecto da oficina do Plan Urban II, de 30-12-99, no que se xustifica a non coincidencia da certificación respecto ó proxecto.= Non consta no expediente aprobación do órgano competente para a autorización deses cambios, omitíndose o procedemento sinalado na LCAP.= Así mesmo indicar que, unha vez se solventa a discrepancia sinalada en aplicación do artigo 198 da LRFL, e de procederse á súa aprobación, este gasto terá que ser obxecto dun recoñecemento extraxudicial de crédito, sendo o órgano competente o Pleno da Corporación.= Na Partida 024.322-212.00S está contabilizada a operación AD nº 7826 por importe de 1.999.951 ptas".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1º.- Polo Director das obras se introduciron modificacións no proxecto sen a debida autorización do órgano de contratación e sen a preceptiva fiscalización da Intervención Xeral, polo que se vulnerou o procedemento establecido na Lei 13/95 de contratos das Administracións Públicas para a introducción de modificacións nos contratos.

2º.- Estando obrigado o Concello a restablecer o equilibrio económico, para que non se produza un enriquecemento inxusto, o procedemento normal sería o recoñecemento extraxudicial da débeda, tendo en conta que as obras están executadas e certificadas polo Inspector municipal das obras, de conformidade co establecido no artº 60 do Real Decreto 500/90.

3º.- Que a competencia para a aprobación das certificacións corresponde ó Pleno da Corporación de conformidade coa Base 17.1 das de execución do orzamento de 2000 e Real decreto 500/90.

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 8 presentes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 7 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e coa abstención de cinco Concelleiros (os 5 presentes do grupo municipal do PS de G-PSOE), acorda aprobar a certificación número 1-liquidación correspondente as obras de "reforma de local para talleres de artes plásticas del Programa Urban II", por importe de 1.999.951 pta que será financiado con cargo á partida 024.322-212.00S contabilizada con cargo ó AD nº 7826, con recoñecemento extraxudicial da débeda contraída por este Concello, ordenando o seu pago á empresa CONSTRUCCIONES CASAS NOVAS, S.L., con cargo á Partida 024.322-212.00S do Orzamento.

B) OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL NO PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS.

Examinada a liquidación presentada polo arquitecto municipal correspondente ó proxecto de "acondicionamento de espacios no auditorio para dependencias da policía local" resultan relevantes os seguintes FEITOS:

1°.- Por resolución do tenente de alcalde delegado da área de xeración e xestión de recursos de data 27 de setembro de 1999, se adxudicou á empresa CONSTRUCCIONES CASAS NOVAS, S.L., a execución das obras de "acondicionamento de espacios no auditorio para dependencias da policía local" no prezo de 4.749.333 PTA, IVE incluído, formalizándose en documento administrativo en data 6 de outubro de 1999.

2°.- Pola dirección facultativa das obras se expediu a favor da contrata unha certificación de obra, que foi aprobada por resolución do tenente de alcalde delegado da área de xeración e xestión de recursos de data 7 de abril de 2000, ascendendo o total da obra certificada a 3.461.404 pesetas.

3°.- O arquitecto municipal remitiu un proxecto para a realización das obras complementarias no auditorio para as dependencias da policía local, cun orzamento de 3.225.470 pesetas, o cal foi aprobado por resolución do tenente de alcalde delegado da área de xeración e xestión de recursos de data 12 de maio de 2000.

4°.- En data 1 de xuño de 2000 o arquitecto municipal presenta a liquidación do proxecto de "acondicionamento de espacios no auditorio para dependencias da policía local" resultando un saldo a favor del contratista de 1.610.805 pts, incremento producido polas variacións xurdidas nas medicións previstas no proxecto orixinal, tal como se contempla no orzamento comparativo incorporado ó expediente.

5°.- A liquidación redactada polo arquitecto municipal está composta de memoria, acta de recepción da obra, orzamento da obra realmente executada, orzamento comparativo, saldo da liquidación, certificacións expedidas á contrata e resumen xeral da obra que falta por certificar, resultando que o incremento respecto ó orzamento primitivo aprobado é dun 6,7%, corresponden a cantidade de 1.287.929 pta á cantidade que restaba por certificar da obra adxudicada e a cantidade de 322.876 pta o importe da liquidación correspondente á execución das modificacións do proxecto aprobado.

6°.- Pola Intervención Xeral emitiuse informe no que se sinala que de conformidade coas disposicións legais aplicables o suposto, deberíase tramitar un proxecto modificado que contemplara as necesidades novas; procedéndose a fiscalización e autorización do gasto con carácter previo á execución das modificacións e non a posteriori como acontece neste expediente, ou de se-lo caso introducirse no proxecto modificado que aprobou a resolución do Tenente de Alcalde delegado da área de xeración e xestión de recursos de data 12.5.2000. O importe que restaba por certificar 1.287.929 pta poderá ser contabilizado con cargo ó AD 2000-7424 da partida 015-432.622.02S do orzamento de 2000. O saldo da li-

liquidación 322.876 pta deberá ser obxecto de recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno de conformidade coa Base 17.1 de Execución, xa que no momento de executá-las variacións non existía a oportuna autorización do gasto e se obviou a tramitación legal establecida. De producirse o recoñecemento extraxudicial da débeda, o seu importe poderá sufragarse con cargo o crédito dispoñible da partida 015-432.622.01S do orzamento de 2000, contabilizándose a operación RC nº 2000.23839 polo citado importe.

7º.- A empresa CONSTRUCCIONES CASAS NOVAS, S.L. presentou a certificación correspondente ás obras así como a factura cos requisitos regulamentariamente esixidos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1º.- A disposición transitoria única da Lei 53/99, pola que se modifica a Lei 13/95 de contratos das Administracións públicas establece que os expedientes de contratación iniciados e os contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei se rexerán pola normativa anterior, polo que é de aplicación o disposto na Lei 13/95.

2º.- A Lei 13/95 de contratos das Administracións públicas dispón no seu artigo 148 que dentro do prazo de seis meses, a contar desde a data da acta de recepción deberá acordarse e ser notificada ó contratista a liquidación correspondente e abonárse-lle o saldo resultante, no seu caso.

3º.- De conformidade co artigo 102.1 da Lei 13/95 de Contratos das Administracións Públicas o órgano de contratación, unha vez perfeccionado o contrato poderá introducir modificacións por razón do interese público xustificándoo debidamente no expediente.

4º.- Na liquidación da obra consta un acta de recepción subscripta o 31 de maio de 2000 polo arquitecto municipal e don Ricardo Mirón Gutiérrez en nome e representación da empresa manifesto CASAS NOVAS, S.L., na que se pon de manifesto que as obras se atopan en bo estado e de conformidade co previsto no proxecto, prego de condicións e contrato das mesmas.

5º.- Tendo en conta o disposto no artigo 146.3 da Lei 13/95 as modificacións do proxecto deberán aprobarse polo órgano de contratación, autorizando os gastos complementarios precisos. Así mesmo o artigo 11.2-g) e o 68.2 da Lei 13/95 establece que deberá procederse á fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico relativos ós contratos, polo que se autorizou un gasto e se adxudicaron unhas obras sen seguir o procedemento legalmente establecido, polo que estando executadas as mesmas e supoñer un beneficio para esta Administración o procedemento a seguir será o recoñecemento extraxudicial da débeda.

6º.- A competencia para a resolución deste procedemento está

atribuída ó Pleno da Corporación de conformidade co establecido en el Real decreto 500/90 e Base 17 das de execución do orzamento de 2000.

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 8 presentes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 7 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e coa abstención de cinco Concelleiros (os 5 presentes do grupo municipal do PS de G-PSOE), acorda:

PRIMEIRO.- Aproba-la certificación última correspondente ás obras de "acondicionamento de espacios no Auditorio para dependencias da Policía Local", expedida pola dirección facultativa das obras, a favor da empresa CONSTRUCCIONES CASAS NOVAS, S.L. cun importe de 1.287.929 pta e ordena-lo pago da citada cantidade, que restaba por certificar do importe da adxudicación do contrato, financiándose con cargo á Partida 015-432.622.02S do orzamento de 2000 (AD nº 2000-7424), á empresa CONSTRUCCIONES CASAS NOVAS, S.L.

SEGUNDO.- Aproba-la liquidación do orzamento para as obras de "acondicionamento de espacios no Auditorio para dependencias da Policía Local", elaborada polo Arquitecto municipal cun saldo resultante a favor do contratista de 322.876 pta, con recoñecemento extraxudicial da débeda contraída por este Concello, quedando autorizado o gasto que se financiará con cargo ó crédito dispoñible da partida 015-432.622.01S do orzamento de 2000 (RC nº 2000-23839), ordenando o seu pago a empresa CONSTRUCCIONES CASAS NOVAS, S.L., con cargo a mencionada partida.

C) OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO COMPLEMENTARIO Ó DE CONSTRUCCIÓN DO MERCADO DE ABASTOS PROVISIONAL.

Examinado o proxecto complementario ó de "construcción do mercado de abastos provisional", redactado polo Enxeñeiro Xefe dos Servicios Técnicos municipais, resultan relevantes os seguintes FEITOS:

1º.- A Comisión de Goberno en sesión celebrada o 26 de outubro de 1998 prestou aprobación o expediente de contratación tramitado para a "redacción do proxecto básico e de execución para a reforma do mercado de abastos de Pontevedra e a súa execución, así como a execución das obras de construción do mercado provisional con traslado de tódalas instalacións actuais" e, en consecuencia, ó prego de cláusulas administrativas particulares, autorizándose o gasto con cargo ás Partidas 024.622.62200 e 024.622.62201 do Orzamento.

2º.- A Comisión de Goberno en data de 22 de marzo de 1999 adxudicou á unión temporal de empresas CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L, CONSTRUCCIONES CONDE, S.A. E CONSTRUCCIONES INDEZA, S.L., a execución das obras de "reforma do mercado de abastos de Pontevedra e a súa execución, así como a execución das obras

de construción do mercado provisional con traslado de tódalas instalacións actuais", no prezo de 531.000.000 pta, I.V.E. incluído, formalizándose o contrato en documento administrativo o día 19 de abril de 1999.

3°.- No proxecto básico e de execución presentado pola U.T.E. adxudicataria das obras, así como a oferta económica, se establecía que o orzamento para a construción do mercado provisional ascendía a 156.139.769 pta e a reforma integral do mercado a 374.860.231 pta, o que supón que o prezo das dúas obras ascende a 531.000.000 pta.

4°.- O Enxeñeiro Xefe dos Servicios Técnicos municipais redactou un proxecto complementario ó de "construción do mercado de abastos provisional", no que se recollen unha serie de necesidades xurdidas unha vez iniciadas as obras do mercado provisional, co fin de mellorar o funcionamento e os servicios do mesmo, introducindo modificacións nos capítulos orzamentarios de estruturas e equipamento, saneamento e fontanería, carpintería, electricidade, incendios e varios.

5°.- O proxecto complementario ó de "construción do mercado de abastos provisional" está composto de memoria, audiencia ó contratista e acta de prezos contradictorios, cadros de prezos, medicións, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento, que ascende a 31.145.945 pta I.V.E. incluído, resultando que o importe do proxecto complementario non supera o 20% do prezo do contrato principal (19'94%).

6°.- Pola Intervención Xeral se emitiu informe no que se sinalaba que non existe consignación orzamentaria para a financiamento deste proxecto sen prexuízo de que polo órgano municipal competente se adopten as medidas necesarias para habilitación do oportuno crédito extraordinario, que de se-lo caso se sufragaría unicamente con fondos propios. Deste informe deuse traslado ó Tenente de Alcalde delegado da área de xeración e xestión de recursos significándolle, ademais, que as obras están executadas, o procedemento normal sería o recoñecemento extraxudicial da débeda.

7°.- A UTE INDEZA, S.L., CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L. E CONSTRUCCIONES CONDE, S.A. o 9 de outubro de 2000 presentou a certificación nº 1 e última correspondente ó proxecto complementario do proxecto de "construción do mercado provisional de abastos", informándose pola Intervención Xeral que de conformidade coas disposicións legais aplicables ó suposto, debería tramitarse o procedemento establecido para levar a cabo un proxecto modificado, procedéndose a fiscalización e autorización do gasto con carácter previo á execución das modificacións e non a posteriori como acontece neste expediente. O importe do proxecto complementario, 31.119.515 pta deberá ser obxecto de recoñecemen-

to extraxudicial de créditos polo Pleno de conformidade coa Base 17.1 das de Execución, xa que no momento de executa-las variacións non existía a oportuna autorización do gasto e se obviou a tramitación legal establecida. De producirse o recoñecemento extraxudicial da débeda, o seu importe poderá sufragarse con cargo ó crédito dispoñible da Partida 024-622.622.00 do orzamento de 2000 (RC nº 2000-20840). Este crédito finánciase atendendo a seguinte distribución:

- Préstamo nº 522480.....	15.584.550 pta
- Varios préstamos.....	6.758.612 pta
- Recursos propios.....	8.776.353 pta

Deberá efectuarse a oportuna liquidación de honorarios por dirección para os efectos da súa deducción no momento do pagamento. De aprobarse a certificación poderá tomarse razón de endoso a favor do Banco Gallego, S.A., sucursal Pontevedra.

8º.- Polos Servicios Técnicos municipais se procedeu a practicar a liquidación por honorarios de dirección da obra, importando a mesma a cantidade de 825.452 pta. A UTE INDEZA, S.L., CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L. E CONSTRUCCIONES CONDE, S.A., presentou a certificación e a factura correspondente ó proxecto complementario rectificadas, emendando o defecto aritmético sinalado pola Intervención Xeral no seu informe.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1º.- De conformidade coa disposición transitoria primeira do Real decreto legislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas, os expedientes iniciados e contratos adxudicados con anterioridade a entrada en vigor da Lei 53/99 se rexerán pola normativa anterior, polo que é de aplicación a Lei 13/95 de contratos das Administracións Públicas.

2º.- A Lei 13/95 regula no seu artigo 102 a posibilidade que ten a Administración de introducir modificacións por razón do interese público os elementos que integran o contrato, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, necesidade que se xustifica no expediente pola boa e satisfactoria finalización da obra.

3º.- O artigo 146.1 da Lei 13/95 dispón que serán obrigatorias para o contratista as modificacións no contrato, de conformidade co establecido no artº 102, cando as modificacións supoñan a introducción de unidades de obra non comprendidas no proxecto, os prezos de aplicación das mesmas serán fixadas pola Administración á vista da proposta do Director facultativo das obras e das observacións do contratista a proposta deste en trámite de audiencia, constando no proxecto a aceptación dos prezos por canto o mesmo foi rubricado polo contratista (artº 146.2 e 3), dispoñendo que deberá aprobarse polo órgano de contratación o proxecto

así como os gastos complementarios precisos, procedemento que non se seguiu para a execución das obras previstas no proxecto complementario.

4°.- A cláusula 28 do prego de cláusulas administrativas particulares, aprobado polo Pleno da Corporación, dispón o procedemento para a introducción no proxecto de modificacións, dispoñendo que en ningún caso se poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida autorización das mesmas polo órgano de contratación. Igualmente dispón que no suposto de que o orzamento de execución da obra prevista do proxecto ofertado e aprobado se incrementara en máis dun 20% como consecuencia de erros ou omisións imputables ó contratista, a Administración non asumirá o pago dos mencionados incrementos.

5°.- Á vista do anteriormente exposto dedúcese que a obra executouse sen axustarse ós trámites esenciais do procedemento da contratación administrativa, especialmente o que se refire á adxudicación das obras e ó procedemento de autorización do gasto, non estando a adxudicación verbal admitida no Dereito Administrativo de conformidade co establecido no artº 56 da Lei 13/95 de Contratos das Administracións Públicas, salvo nos casos no que o contrato teña carácter de emerxencia.

6°.- As obras executadas supoñen un beneficio para o Concello, integrándose dentro do seu propio patrimonio, o cal, de non aboarse ó contratista supón un enriquecemento indebido para esta Administración municipal, que ven obrigada a restablecer o equilibrio económico aboando á unión temporal de empresas INDEZA, S.L., CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L. E CONSTRUCCIONES CONDE, S.A., a cantidade debida pola obra executada, non sendo imputable á mesma a ausencia dos trámites legais na adxudicación da citada obra. Este enriquecemento inxusto recóllese de forma reiterada pola xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentencia 12.1.43, 2.5.60, 12.3.64 e 22.1.75), que o establece como un principio de noso ordenamento xurídico, mediante a técnica civilista da causación que supón a existencia dun enriquecemento inxusto co conseguinte empobrecemento no patrimonio de outro suxeito así como unha relación de causalidade do desprazamento patrimonial, debéndose restablecer o equilibrio económico para evitar o enriquecemento inxustificado da Administración municipal.

7°.- Estando obrigado o Concello a restablecer o equilibrio económico, para que non se produza un enriquecemento inxusto, o procedemento normal sería o recoñecemento extraxudicial da débeda, de conformidade co establecido no artº 60 do Real Decreto 500/90.

8°.- De conformidade co estipulado no artº 43 da Lei de Contratos das Administracións Públicas procederáse polo contratista ó reaxuste da garantía definitiva constituída no seu día para

responder da execución das obras, a consecuencia da modificación sufrida no valor do contrato, ó obxecto de que a garantía garde a debida proporción co orzamento.

9º.- A competencia para a resolución deste procedemento corresponde ó Pleno da Corporación de conformidade co establecido no artº 60 do Real Decreto 500/90 e Base 17 das de Execución do Orzamento.

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 8 presentes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 7 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e coa abstención de cinco Concelleiros (os 5 presentes do grupo municipal do PS de G-PSOE), acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó proxecto complementario ó de "construcción do mercado de abastos provisional", cun orzamento global contractual de 31.119.515 pta, I.V.E. incluído, obras que foron realizadas pola unión temporal de empresas INDEZA, S.L., CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L. E CONSTRUCCIONES CONDE, S.A.

SEGUNDO.- Prestar aprobación á certificación nº 1 e única correspondente as obras do proxecto complementario ó de "construcción do mercado de abastos provisional", executadas pola unión temporal de empresas INDEZA, S.L., CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L. E CONSTRUCCIONES CONDE, S.A., por importe de 31.119.515 pta, con recoñecemento extraxudicial da débeda, ordenando o seu pago á unión temporal de empresas INDEZA, S.L., CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L. E CONSTRUCCIONES CONDE, S.A., con cargo á partida 024-622.62200 do orzamento de 2000 (RC nº 2000-20840), debendo reterse á cantidade de 825.452 pta correspondente ós honorarios de dirección das obras.

TERCEIRO.- Acepta-la toma de razón de endoso da certificación a favor do Banco Galego, S.A. sucursal de Pontevedra.

CUARTO.- Requerir á empresa adxudicataria para que no improrogable prazo de 15 días hábiles, contados a partir da notificación do presente acordo, amplíe a fianza constituída no seu día para responder da execución das obras comprendidas no proxecto "construcción do mercado de abastos provisional", en contía equivalente ó 4% do importe do proxecto certificado.

D) FACTURAS CORRESPONDENTES A DIVERSAS SUBMINISTRACIÓNS OU SERVICIOS PRESTADOS POLAS EMPRESAS EDITORIAL ARANZADI, CORREOS E TELÉGRAFOS E TELEFÓNICA.

Examinadas as facturas presentadas polas empresas Editorial Aranzadi por importe de 530.899,- pesetas correspondentes á subministración de bases de datos de lexislación e xurisprudencia entre os anos 1995 e 1999; Correos e Telégrafos por importe de 2.006.495,- pesetas polo franqueo de cartas no mes de agosto de 1998, e Telefónica por importe de 1.128.703,- pesetas por diver-

sas facturas correspondentes a servicios prestados entre os anos 1997 e 1999.

Resultando que por Intervención Xeral, con data 23 de novembro de 2000, se emite informe no que, entre outros extremos, indica que o importe total dos créditos a recoñecer é de 3.666.097,- pesetas e que unha vez acreditada a correspondencia de cada gasto para o Concello e a conformidade coas subministracións e servicios prestados, o Concello deberá proceder ó seu recoñecemento e pago, co fin de non incorrer en enriquecementos inxustos.

Considerando que a competencia para a resolución deste procedemento está atribuída ó Pleno da Corporación de conformidade co establecido no apartado 2.c), do artigo 60.2 do Real decreto 500/90 e nas Bases de execución do orzamento de 2000.

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 8 presentes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 7 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e coa abstención de cinco Concelleiros (os 5 presentes do grupo municipal do PS de G-PSOE), acorda aproba-las facturas presentadas polas empresas Editorial Aranzadi por importe de 530.899,- pesetas correspondentes á subministración de bases de datos de lexislación e xurisprudencia entre os anos 1995 e 1999; Correos y Telégrafos por importe de 2.006.495,- pesetas polo franqueo de cartas no mes de agosto de 1998, e Telefónica por importe de 1.128.703,- pesetas por diversas facturas correspondentes a servicios prestados entre os anos 1997 e 1999, con recoñecemento extraxudicial da débeda, ordenando o seu pago á Aranzadi Editorial con cargo á partida 003.121-220.01, a Correos y Telégrafos con cargo á partida 003.121-222.01 e a Telefónica con cargo á partida 003.121-222.00 do orzamento de 2000.

Se reincorporan á sesión don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, don Miguel Anxo Vázquez Plaza e don Celestino Lores Rosal.

12.- CORPORACIÓN: DAR CUENTA DE RENUNCIA AL CARGO DE CONCEJAL PRESENTADA POR DON MANUEL FONTÁN BOUZAS, INTEGRADO EN EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO Y SOLICITUD DE SUSTITUCIÓN A LA JUNTA ELECTORAL CENTRAL.

Vista la comunicación del concejal, don Manuel Xesús Fontán Bouzas participando la decisión de renunciar a su condición de concejal de este Ayuntamiento, lo que ha ratificado mediante comparecencia ante el Secretario General del Ayuntamiento y

Resultando que don Manuel Xesús Fontán Bouzas ostenta la condición de concejal de esta Corporación para el que ha sido elegido en las elecciones municipales celebradas el día 13 de junio de 1999

Resultando que en la lista de la candidatura del Bloque Nacionalista Galego a las citadas elecciones, figura con el n° 10 el Sr. Fontán Bouzas y con el n° 11 doña María Isabel Santiago Graña, la cual también ha presentado comunicación renunciando a ser proclamada concejala electa por la Junta Electoral Central por lo que no debe de tenerse en cuenta al extender la credencial de concejal electo, según consta en su comparecencia de ratificación de renuncia ante el Secretario General.

Considerando que la condición de concejal se pierde por renuncia del interesado, la cual debe de hacerse efectiva por escrito ante el Pleno de la Corporación, de conformidad con lo establecido en el artículo 9-4 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, aprobado por Real Decreto 2568/86.

Considerando que en el caso de renuncia de un concejal el escaño se atribuirá al candidato de la misma lista a quien corresponda según el orden de colocación conforme establece el artículo 182 de la Ley Orgánica del Régimen Electoral.

Considerando que el mandato de las Juntas Electorales de Zona concluye 100 días después de las elecciones (artículo 15-2 de la Ley Orgánica del Régimen Electoral), teniendo, en cambio, la Junta Electoral Central el carácter de órgano permanente de la Administración Electoral (artículo 9-1 de la citada Ley).

Considerando que el siguiente candidato de la lista presentada por el Bloque Nacionalista Galego a las Elecciones Municipales también ha presentado su renuncia a ser proclamado concejal electo, lo que ratificó ante el Secretario General, la credencial deberá expedirse a nombre del candidato siguiente que figura con el n° 12 don Demetrio Gómez Junquera, según los antecedentes obrantes en la Secretaría del Ayuntamiento.

El Pleno de la Corporación queda enterado de la renuncia efectiva al cargo de concejal presentada por don Manuel Xesús Fontán Bouzas, declarando vacante su escaño y solicitando de la Junta Electoral Central (Congreso de los Diputados) que extienda credencial de concejal electo a favor del candidato de la lista presentada por el Bloque Nacionalista Galego a las elecciones locales celebradas el 13-6-99, que deba sustituir a don Manuel Xesús Fontán Bouzas, correspondiéndole, según antecedentes obrantes en la Secretaría del Ayuntamiento al n° 12 de la misma don Demetrio Gómez Junquera.

Toma a palabra o señor Alcalde, dicindo que pola súa parte e do equipo de goberno sinten que se teña producido a renuncia de Manuel Fontán ó cargo de Concelleiro e ás súas responsabilidades dentro do equipo de goberno por incompatibilidades de estudos co exercicio do seu cargo, quere destaca-lo excelente traballo feito nas áreas da súa responsabilidade, tanto no que se refire ó Ins-

tituto Municipal de Deportes como de Xuventude e a súa responsabilidade nas distintas parroquias e consellos territoriais que levaba, destacar máis expresamente o incremento de orzamentos tanto na Concellería de Xuventude como do IMD e o incremento de gastos en instalacións deportivas que se fixeron nos tres polideportivos dos colexios, incremento de escolas deportivas, a súa brillante xestión na concesión da piscina de Campolongo, así como no tema de xuventude e concretamente no programa de ocio alternativo Noites abertas, que foi merecedor do Premio Portapaz e que ademais tamén visto dende o punto de vista do Ministerio do Interior na medida en que concedeu unha subvención de 5 millóns de pesetas para esas actividades, polo tanto réstalle agradecerlle o seu traballo como membro do equipo de goberno e desexarlle que nos seus estudos teña éxito polo menos semellante ou superior ó que tivo na Corporación.

A continuación intervén o portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, don Roberto Taboada Rivadulla para decirle, en nome de su grupo, que independentemente de los desacuerdos y discrepancias que han mantenido en el ejercicio de la política con el señor Fontán, quiere desearle muchos éxitos en su nueva actividad.

Seguidamente intervén don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, diciendo que evidentemente no están de acuerdo con la labor del señor Fontán, porque son oposición, pero se alegran de la decisión que toma y le desean éxitos en sus estudios y en su nuevo andar.

A continuación se concede la palabra a don Manuel Xesús Fontán Bouzas, o cal manifesta que quere agradece-las palabras do Alcalde, así como dos portavoces dos outros grupos, e este agradecemento quere facelo tamén extensible a tódalas persoas, funcionarios e traballadores deste Concello, que teñen traballado con el e que sen a súa axuda lle sería absolutamente imposible ter feito as cousas que se fixeron, así mesmo tamén quere facelo extensible ás persoas de clubs deportivos, persoas relacionadas coa xuventude e cos consellos parroquiais e agradecerlles a todos eles a súa colaboración e tamén a súa crítica cando esta foi positiva e constructiva; tamén salienta-lo traballo cordial que se ten desenvolvido no Instituto Municipal de Deportes e desde aquí aproveitar para despedirse das persoas que forman parte deste organismo autónomo e por último volver a agradece-las palabras do Alcalde e manifesta-la súa satisfacción e o importante que foi ter traballado neste extraordinario grupo de goberno durante este tempo.

Seguidamente se ausenta de la sesión don Raimundo González Carballo.

13.- SEGUIMIENTO E CONTROL DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO MUNICIPAL:

A) TOMA DE COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA (ALCALDE E TENENTES DE ALCALDE DELEGADOS DE ÁREA) DURANTE O MES DE OUTUBRO DE 2000.

O Pleno da Corporación toma coñecemento das resolucións dicitadas pola Alcaldía (Alcalde e Tenentes de Alcalde delegados de área) durante o mes de outubro de 2000.

B) MOCIÓNS URXENTES.

Non se presentaron mocións urxentes.

C) PREGUNTAS.

Non se formularon preguntas.

D) ROGOS.

1.- ROGO DO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, DON GUILLERMO MEIJÓN COUSELO SOBRE OS ESTUDIOS RELATIVOS ÁS DISTINTAS ORDENANZAS.

Manifesta que non está o señor Raimundo González, simplemente seguindo co Guadiana que aparece e desaparece, pero espera que o señor Alcalde saiba transmitirlle que lle gustaría te-los estudos relativos ás distintas ordenanzas deste Concello, pois logo se pode dá-lo caso de que por un lado se lles diga que se van a presentar propostas de cambios e de modificacións e que xustamente antes de presentarlles ningunha saia o señor González Carballo pola prensa dicindo que xa ten decidido que se vai subi-lo IPC e que xa está todo feito, polo tanto entende que se xa tomou esa decisión será porque ten os estudos e se non os ten que non o diga.

Contéstalle o señor Alcalde que transmitirá este rogo ó señor González Carballo.

2.- ROGO DA CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, DONA MARÍA DOLORES DE OZÁMIZ LESTÓN, SOBRE PARTIDOS DE COMPETICIÓN DO CLUB DE NATACIÓN PONTEVEDRA.

Manifesta que como este rogo xa non llo pode facer ó Concelleiro señor Fontán faillo ó señor Bará e é que a ver se hai algunha posibilidade de que o Club Natación Pontevedra puidera efectua-los seus partidos de competición na piscina deste concello, dado que hai horas reservadas para competición polo IMD e que teñen soamente de agora ata abril catro partidos con posibilidade de seis como moito, polo tanto son dúas horas en catro o seis tardes, e o problema que había de protexe-las luces parece ser que con unha carcasa metálica podería solucionarse.

Contéstalle o señor Bará Torres, dicindo que toma nota do rogo, que será trasladado á proxima reunión do Instituto Municipal de Deportes que é quen ten competencia nesta materia.

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo señor Alcalde remátase a sesión ás doce horas e corenta minutos, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Visto e praxe.
O PRESIDENTE,

O SECRETARIO XERAL,

Fdo. Miguel Anxo Fernández Lores. Fdo. Julio Dapena Outomuro.